



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Sesión do 6 de FEBREIRO de 2026

ASISTENTES:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día seis de febreiro de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(73).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 30 de xaneiro de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(74).-ADJUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DERIVADAS DA EXECUCIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECÁNICAS E DE ILUMINACIÓN PÚBLICA VIARIA. EXPTE. 53643/444.

Visto o informe de fiscalización de data 30.01.2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 29.01.2026, que di o seguinte:

11. Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación en materia de seguridade e saúde derivadas da execución do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria (53643-444)

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 1 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación en materia de seguridade e saúde derivadas da execución do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria (53643-444)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de agosto de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do "SERVIZO DE COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DERIVADAS DA EXECUCIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECÁNICAS E DE ILUMINACIÓN PÚBLICA VIARIA.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira Industrial e polo Xefe de Area de Servizos Xerais en datas 14 e 15 de maio de 2025.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos en data 02 de xullo de 2025.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SESENTA MIL TRESCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E UN CÉNTIMOS (60.354,51 €) IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE DE DEZ MIL CATROCIENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS (10.474,75 €)

Tendo en conta que os servizos derivados deste contrato refírense a prestacións de tracto sucesivo que teñen na actualidade referencia económica nos créditos que se atopan regularmente no orzamento municipal no programa 1650, propónse que o financiamento deste contrato que ten como data prevista de inicio o 01 de setembro do ano 2025, se aplique na aplicación 1650.227.06.03 "Asistencia técnicas seguridade e saúde", de acordo coas seguintes anualidades:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/02/2026 11:51	Páxina 2 de 133
2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026	CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

Ano 2025	Ano 2026	Ano 2027	Total
9.285,31 €	27,855.93 €	23,213.27 €	60.354,51 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 8 de xaneiro de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Excluír deste procedemento a INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, SL, por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais, sen que se tivesen xustificado, ao non presentar xustificación ningunha en prazo”.

Terceiro.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 16 de xaneiro de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación en materia de seguridade e saúde derivadas da execución do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria (53643-444) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CÍES ATLÁNTICO, SLU	93,33
2	CONTROL Y GEOLOGÍA, SA – CYGSA	93,03
3	INCOPE CONSULTORES, SL	87,10
4	INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, SL	85,47
5	INGENIERÍA, MEDIOAMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, SLU	74,92
6	ALPHA SYLTEC INGENIERIA, SL	68,00
7	AVANTA PREVENCIÓN INTEGRAL, SLU	64,81

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CÍES ATLÁNTICO, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/02/2026 11:51	Páxina 3 de 133
2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026	CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 e apartado 9C do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Cuarto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CÍES ATLÁNTICO, SLU, o día 16 de xaneiro de 2026, que presenta a documentación requirida o día 19, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura o obxecto social e o poder de representación.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (19.499,15 euros), presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (19.499,15 euros), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Autoliquidación por un importe de 1.970,25 euros que cobre a garantía definitiva requirida.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Quinto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 29 de xaneiro de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/02/2026 11:51	Páxina 4 de 133
2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026	CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CÍES ATLÁNTICO, SLU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CÍES ATLÁNTICO, SLU, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 4 de decembro e 12 de xaneiro de 2026, respectivamente.

No entanto, atendendo ao prazo de execución recollido no apartado 4A do Anexo I - FEC- do PCAP ("26 meses ou ata que finalice o contrato mixto do do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo, que está previsto para o vindeiro 31 de outubro de 2027") e a data prevista de inicio (apartado 4D) (1 de setembro de 2025), así como o réxime de pagamento do apartado 11 ("A facturación dos traballos realizarase mensualmente. Nos meses que non sexan completos facturárase a parte proporcional [...]"), o importe de adxudicación corresponderase co prezo mensual ofertado por CÍES ATLÁNTICO, SLU polo número de meses (ou parte proporcional) que resulten da entrada en vigor deste contrato.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Tomar razón da resolución da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), do 16 de xaneiro de 2026, pola que se excluíu deste procedemento a INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, SL por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais, sen que se tivesen xustificado, ao non presentar xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Adxudicar a CÍES ATLÁNTICO, SLU o procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación en materia de seguridade e saúde derivadas da execución do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria (53643-444) por un prezo

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 5 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

mensual de 1.833,85 euros (sendo a cota correspondente ao IVE de 318,27 euros) e un prezo total máximo de 38.510,85, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.683,70 euros, atendendo ao prazo e o réxime de pagamento deste contrato regulados nos apartados 4 e 11 do anexo I -FEC- do PCAP.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(75).-REQUIRIMENTO DE PAGAMENTO DO CUSTE DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA E REPARACIÓN DE FACHADAS PARA GARANTIR A SEGURIDADE DOS USUARIOS NO RECINTO DO CEP CELSO EMILIO FERREIRO. EXPTE. 99027/332.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 23.01.2026, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada de Educación, o concelleira da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes e pola concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, que di o seguinte:

1. ANTECEDENTES.

I.- En data 27 de marzo de 2025 a U..T.E. SAMYL FACILITY SERVICES, S.L – INTEGRACIÓN DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L. (UTE S-I MANTENIMIENTO COLEGIOS VIGO”) empresa adxudicataria do contrato de mantemento, conservación e vixilancia dos Colexios e Escolas Públicas do Concello de Vigo, informa ao responsable do contrato do mal estado da cuberta do edificio do Centro de Educación Primaria Celso Emilio Ferreiro, o que xera un risco potencial para a seguridade dos usuarios do edificio:

“El estado de la cubierta compromete la funcionalidad y seguridad del edificio, ya que no garantiza la estanqueidad ni el aislamiento térmico adecuados. Las intervenciones de mantenimiento preventivo o correctivo no resultan eficaces para solventar los problemas detectados.

Por tanto, se concluye que la intervención necesaria no puede considerarse una actuación de mantenimiento, sino que requiere una obra de sustitución integral de la cubierta, que debe ser abordada como un proyecto específico de rehabilitación.

Desde el punto de vista técnico, se recomienda la sustitución completa de la cubierta del CEIP Celso Emilio Ferreiro. Esta actuación garantizará la seguridad estructural del edificio, el confort térmico e impermeabilidad y la correcta prestación del servicio educativo, sin interrupciones.”

II.- O Servizo de Educación, en data 8 de abril de 2025, á vista da gravidade da situación descrita, e considerando que a substitución da actual cuberta sobrepasa as competencias municipais de conservación, mantemento e vixilancia que outorga a lexislación vixente aos municipios en materia educativa (artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local), dá traslado do citado informe á Xefatura Territorial da Consellería de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/02/2026 11:51	Páxina 6 de 133
2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026	CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia en Pontevedra, solicitándolle que á maior brevidade posible procedera á substitución completa da cuberta existente, para garantir así a seguridade estrutural do edificio (expediente 98885/332).

III.- O Departamento Territorial de Pontevedra da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional en data 29/04/2025 responde á solicitude de substitución da cuberta remitida polo Concello de Vigo e achega informe do arquitecto do Servizo da Unidade Técnica do 21/04/2025; nesta resposta di que se constata o seguinte:

“A partir da documentación aportada conséctase o deficiente estado de conservación da vertente Norte da cuberta do edificio principal, na que medra abundante vexetación e con algunhas tellas desprazadas ou rotas. Polo xeral, este estado de conservación está vencellado principalmente á falta de labores de mantemento periódico.

- Nas tarefas básicas de mantemento das cubertas de tella se inclúe a limpeza anual de vexetación e materiais acumulados. Non realizalas permite que as raíces medren facendo que as tellas se despeguen do soporte, ademais de acelerar o deterioro prematuro cuberta e supoñer sobrecustes en posteriores reparacións ou actuacións de maior envergadura.*

- (...)*

- A documentación achegada só se detalla o deficiente estado de conservación de parte da cuberta, sen realizar un estudo detallado na súa totalidade, polo que non xustifica suficientemente a necesidade da súa substitución integral.*

- A falta doutra xustificación, o estado que presenta actualmente a cuberta e as deficiencias detectadas están principalmente vencelladas coa súa falta de mantemento periódico.*

- Mentres non se interveña na cuberta, deberá adoptar as medidas urxentes de seguridade necesarias.*

O informe reflicte de forma exhaustiva e concluínte a falta de mantemento como motivo do actual deterioro da cuberta, así como a necesidade urxente de executar as reparacións e adoptar as medidas que permitan o uso seguro e axeitado do CEP Celso Emilio Ferreiro no exercicio das competencias que lle corresponden ao Concello de Vigo como administración titular das instalacións.

(...) En consecuencia, reitérolle a necesidade de atender puntualmente os labores de mantemento e conservación dos centros educativos de competencia municipal para garantir nas condicións técnicas esixibles a correcta prestación do servizo público educativo.”

IV.- Tendo en conta a situación exposta e o posible risco de caída de tellas soltas, o Concello de Vigo en data 23/05/2025 resolve adxudicar un contrato menor de obras para a instalación dun sistema de protección anticaída de tellas ou cascotes no citado colexio. (expediente 98970/332).

V.- Ante a inquietude manifestada pola comunidade educativa do CEP Celso Emilio Ferreiro, a Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, en data 4 de xuño de 2025), resolve adxudicar á empresa ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA SA o contrato de servizos urxente para realizar un estudo de patoloxías da cuberta e fachadas do edificio do CEP Celso Emilio Ferreiro (expte. 99013/332)

VI.- En data 5 de xuño 2025, ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA SA remite unha primeira valoración dos traballos realizados, tras a inspección previa realizada, na que conclúen que:

“o estado patolóxico da cuberta é severo, a nivel de revestimentos de cuberta e a nivel de estrutura portante da mesma. Detectáronse indicios de deslizamentos das placas de

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 7 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

fibrocemento augas abaixo. Detectáronse indicios de deslizamentos do material de cubrición (tella cerámica curva) augas abaixo. O material de cubrición non conta con fixacións mecánicas (ganchos) que solidaricen as pezas entre elas e confía a súa estabilidade a xuntas amortecidas. Hay infinidade de pezas soltas, moitas no bordo do aleiro. As correas entre palomeiros manifestan a simple vista frechas inasumibles de cara a un correcto comportamento estrutural. Os tabiques palomeiros manifestan múltiples patoloxías: roturas con desprazamento lateral na base dos tabiques (xeneralizadas moi probablemente polo efecto dos esforzos laterais – vento e a ausencia de elementos rixidizadores no plano transversal), fisuras de acompañamento na deformación do forxado (flexión); rotura de dinteis nos ocos de paso.

(...)

“o estado patolóxico da fachada é severo. Obsérvanse incidencias en canto á resolución de dinteis, algúns puntos foron “reforzados” con novos dinteis metálicos. Moitos elementos presentan fisuración que pode desencadear na caída de cascotes. Os resultados do golpeo realizado ata o momento sobre o morteiro monocapa evidencian múltiples zonas desprendidas do soporte (con risco evidente de caída de cascotes, durante o ensaio de golpeo xa se procedeu a retirar algunha zona especialmente comprometida).”

De cara a garantir as condicións de seguridade das persoas usuarias deste centro educativo o contratista indica a necesidade de “restrinxir de forma inmediata o acceso na totalidade do perímetro do inmovible, mediante a instalación de valados provisionais, a unha distancia a fachada non inferior a 4 m., en tanto non se realicen os traballos de emenda de deficiencias necesarios” e “habilitar as zonas de acceso necesarias para o desenvolvemento normal da actividade educativa, mediante a instalación de marquesiñas de acceso que conformen unha protección efectiva ante a potencial caída de material desde o plano de cuberta e/ou fachada.”

VII.- Atendendo a esta recomendación da empresa ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA SA concelleira da Área de Goberno de Educación, en data 6 de xuño de 2025, resolve adxudicar un contrato menor de obras para a instalación de valados provisionais e marquesiñas de acceso para garantir a seguridade dos usuarios do colexio (expediente 99023/332):

VIII.- A empresa ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA SA emite en data 09/06/2025 o “Estudo de patoloxía en cuberta e fachadas no C.E.P. Celso Emilio Ferreiro”. No mesmo infórmase que:

“La cubierta del inmueble presenta múltiples y severos indicios patológicos en prácticamente todos sus elementos, que se desgran en los puntos a continuación.”

“Se detectan innumerables piezas sueltas en el material de cubrición, totalmente desprendidas del soporte, confiando su estabilidad al propio rozamiento con el resto de elementos.

Se detectan innumerables piezas rotas, cuyos fragmentos reposan igualmente sobre las placas de fibrocemento o sobre otros elementos del tejado.

Se localizan varios puntos con faltas en el material de cubrición (falta de tejas), que o bien han sido retiradas o se han precipitado ya al suelo.

Se observan indicios de deslizamiento aguas abajo de hiladas completas del material de cubrición (alineaciones completas de tejas, desde el alero hasta la cumbre).” (achega fotos)

*“Se lleva a cabo la toma de dos muestras de fibrocemento para su análisis, (...) concluyéndose **resultado positivo en amianto para ambas muestras** (Crisotilo y Crocidolita).*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/02/2026 11:51	Páxina 8 de 133
2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026	CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

Se detectan algunas piezas rotas, que manifiestan fisuras en el sentido longitudinal de la pieza, evidenciando movimientos a nivel de soporte resistente.

Se observan incidencias relacionadas con los elementos de fijación de placas (herrajes metálicos – ganchos): ganchos sueltos, ganchos deformados por acciones mecánicas o movimientos. Se observa cierta insuficiencia en el número de fijaciones de algunas piezas, especialmente los tramos más pequeños, solapados cerca de la línea de cumbrera (se observan piezas que cuentan únicamente con un punto de fijación).

Se observan indicios de deslizamiento aguas abajo de algunas de las placas de fibrocemento instaladas.”

“Las correas de hormigón presentan niveles de deformación por flecha incompatibles con el adecuado comportamiento estructural. Se miden deformaciones que alcanzan los 35 mm. De flecha, en luces de 4.20 m.”

“Los tabiques que conforman el sistema de formación de pendientes manifiestan, de forma generalizada, múltiples fisuras y evidencias de un comportamiento estructural totalmente anómalo.

Se detectan multitud de fisuras de directriz horizontal en la base de los tabiques, con desplazamientos laterales en varios puntos. La disposición de tabiques en una sola dirección, sin ningún elemento arriostrante en sentido transversal, conforma un sistema estructural inestable,(...)

“Se detectan igualmente multitud de fisuras de directriz vertical, sobre las aberturas de paso resueltas en los tabiques, consecuencia de la ausencia de elementos conformando un dintel sobre el hueco.”

Respecto dos cerramentos de fachada, informase que:

“Existen varios puntos en los que se ha producido el desprendimiento del material de revestimiento (mortero monocapa acabado árido). (...) El ensayo de golpeteo evidencia la existencia de zonas desprendidas del soporte, que se mantienen en su posición única y exclusivamente por la propia cohesión del mortero. Se estima que la patología se puede extender en torno a un 20% de la superficie total del revestimiento.

Parte de los dinteles resueltos sobre los huecos de carpintería exterior evidencian fisuras

(...) En cualquier caso, generan zonas fracturadas en el propio dintel y en el revestimiento de fachada, susceptibles de generar la caída de cascotes.”

A maiores destas patoloxías recóllense outras relativas a falsos teitos, posibles movementos a nivel de cimentación, peches perimetrais, condicións xerais da estrutura, particións interiores e as follas exteriores de fachada.

O estudo presenta as seguintes **conclusiones**:

“- En su estado actual, las instalaciones no ofrecen las necesarias garantías de cara al normal desarrollo de la actividad en condiciones de seguridad de utilización de la instalación.

- El riesgo de desprendimiento y caída de cascotes es elevado, debiéndose adoptar de manera inmediata medidas de carácter preventivo, y las correspondientes medidas correctivas.

A fecha de emisión del presente, se ha procedido ya a la adopción de medidas de vallado perimetral del centro, mediante la colocación de vallas separadas al menos 4 m. de las alineaciones de las distintas fachadas, instalándose dos marquesinas cubiertas en las dos zonas de acceso habilitadas en la fachada Norte. Las medidas provisionales adoptadas se

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 9 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

consideran suficientes para garantizar la seguridad de utilización de la instalación, en tanto no se inicien los trabajos de subsanación de deficiencias.”

Por outra parte propón adoptar con carácter inmediato as seguintes medidas:

“- El desmantelamiento y sustitución integral de la cubierta existente, incluyendo su estructura portante.

- Realización de demolición controlada de los paños de revestimiento de fachada (mortero monocapa) que evidencien un desprendimiento del soporte, procediendo a su reposición con un sistema de revestimiento análogo al existente.

- Ejecución de reparaciones estructurales en los dinteles o elementos de hormigón armado que manifiesten desperfectos y que puedan derivar en una potencial caída de cascotes (se incluye en el Anejo II del presente informe un procedimiento de reparación tipo).”

Así mesmo, recomenda a adopción doutras medidas sen carácter urgente.

IX.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 13 de xuño de 2025, adoptou o seguinte acordo (expte. 99027/332):

“Primeiro.- Adxudicar a empresa construtora ORECO BALGON S.A. (CIF A36614691) o contrato de obras de substitución de cuberta e reparación de fachadas para garantir a seguridade dos usuarios no recinto do CEP Celso Emilio Ferreiro, aplicando a tramitación de emerxencia ao abeiro do artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), coas seguintes características:

1. Obxecto do contrato: as obras de substitución da cuberta e reparación de fachadas para garantir a seguridade dos usuarios do CEP Celso Emilio Ferreiro.

2. Orzamento base de licitación: 577.382,27 euros

3. IVE a soportar pola Administración: 100.206,84 €

4. Valor estimado do contrato: 477.175,43 €

5. Aplicación orzamentaria: 3230.632.0045

6.- Prazo de execución: tres meses. O prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción do presente acordo

7. Dirección facultativa: a enxeñeira industrial do Servizo de Vías e Obras, Cristina Tapias Bouso e o enxeñeiro técnico industrial, xefe da Unidade de Mantemento de Viais, Alfonso Berros Pérez

8. Responsable do contrato: a dirección facultativa da obra

9. Forma de pagamento: certificacións mensuais acompañadas de relación valorada, expedidas polo director facultativo da obra

10. Prazo de garantía: 5 anos

Segundo.- Tramitar unha modificación orzamentaria para dotar de crédito suficiente á aplicación orzamentaria 3230.632.0045 para facer fronte aos gastos derivados deste contrato.

Terceiro.- Executadas as actuacións obxecto deste contrato, observarase o disposto na lei sobre cumprimento dos contratos, recepción e liquidación da prestación.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao contratista.

Quinto.- Dar traslado á Xefatura Territorial en Pontevedra da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia do presente acordo, xunto co “Estudo de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 10 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

patoloxía en cuberta e fachadas no C.E.P. Celso Emilio Ferreiro” elaborado en data 09/06/2025 pola empresa ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA S.A.”.

X.- En cumprimento do punto quinto do citado acordo da Xunta de Goberno Local, en data 17/06/2025 dáse traslado á Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Educación, universidade e Formación Profesional deste acordo, así como do “Estudo de patoloxía en cuberta e fachada no CEP Celso Emilio Ferreiro,” elaborado en data 09/06/2025 pola empresa ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA S.A.

XI.- As obras recíbense mediante Acta de Recepción asinada pola dirección facultativa /responsable do contrato, o representante da empresa adxudicataria e o representante da Intervención Xeral en data 01/10/2025, iniciándose o prazo de garantía de 60 meses.

Nesta mesma data procedese a sinatura da Certificación final (certificación nº 1) na que se recolle á medición xeral das actuacións realizadas por importe de 577.382,27 euros (477.175,43 € + 100.206,84 € en concepto de IVE). Presentada a correspondente factura por Oreco Balgon S.A., por igual importe có da certificación, esta págase en data 09/10/2025.

2. DISTRIBUCIÓN DAS COMPETENCIAS EDUCATIVAS

Conforme ao réxime competencial establecido no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), son competencias propias do Municipio en materia de educación as seguintes:

“n) Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial. “

Igualmente segundo o recollido no artigo 80.2 da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA), os municipios teñen competencia propia en materia de:

“ñ) A participación na programación da ensinanza e cooperación coa Administración educativa na creación, construción e mantemento dos centros docentes públicos, intervención nos órganos de xestión dos centros docentes e participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.”

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE), recolle na disposición adicional décimo quinta que: *“La conservación, el mantenimiento y la vigilancia de los edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial, corresponderán al municipio respectivo. (...)”*.

Pola súa parte a Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia establece no artigo 31 que *“É da competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas (...)”*

3. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA REALIZACIÓN DAS OBRAS CON CARÁCTER URGENTE

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 11 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A Constitución Española no artigo 27 recoñece como un dos dereitos fundamentais o dereito á educación e regula que: “5. Os poderes públicos garantan o dereito de todos á educación (...)” e “9. Os poderes públicos axudarán aos centros docentes que reúnan os requisitos que a ley establece.”.

Cómpre pois garantir o dereito á educación do alumnado deste colexio e que o mesmo se desenvolva nunhas condicións idóneas.

O mal estado da cuberta do CEP Celso Emilio Ferreiro representaba un risco para a seguridade dos seus usuarios, que maioritariamente son nenos e nenas de entre 6 e 12 anos. Esta circunstancia pode cualificarse como unha situación que supón grave perigo para a seguridade das persoas.

Tendo en conta o referido réxime competencial, en data 08/04/2025 o Concello de Vigo solicitou á Xefatura Territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia en Pontevedra que á maior brevidade posible, e coa fin de garantir a seguridade do centro, procedese á substitución completa da cuberta existente. A esta solicitude achegouse o informe relativo ao estado actual da cuberta de 27/03/2025 elaborado polo departamento técnico empresa UTE S-I MANTENIMIENTO COLEGIOS VIGO (antecedente II).

O cambio de cuberta era unha demanda continua realizada á Xefatura territorial polos diferentes equipos directivos do Colexio. O Servizo de Educación do Concello ten coñecemento que esta solicitude de cambio de cuberta do centro realizouse en numerosas ocasións, entre elas nas seguintes datas: 03/05/2021, 27/09/2021, 13/12/2022, 31/10/2023, 26/02/2024, 27/09/2024, 15/11/2024 e 05/02/2025.

A resposta da Xefatura Territorial, antes citada (antecedente III), de data 29/04/2025, atribúe toda a responsabilidade da situación da cuberta do centro ao Concello: “O informe reflicte de forma exhaustiva e concluínte a falta de mantemento como motivo do actual deterioro da cuberta, así como a necesidade urxente de executar as reparacións e adoptar as medidas que permitan o uso seguro e axeitado do CEP Celso Emilio Ferreiro no exercicio das competencias que lle corresponden ao Concello de Vigo como administración titular das instalacións.” Chama a atención a rotundidade da conclusión deste informe da Xefatura Territorial, sen presentar ningunha documentación técnica das súas obrigas competenciais de inspección estrutural da edificación.

No entanto, o “Estudo de patoloxía en cuberta e fachadas no CEP Celso Emilio Ferreiro” elaborado pola empresa ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA SA (antecedente VIII) informaba de xeito contundente, tras unha detallada análise do inmovible, que o mal estado da cuberta non se debía a unha falta de mantemento, senón que se trata de deficiencias estruturais e de mala execución construtiva, que non son achacables á existencia de vexetación. Así recolle que a cuberta do inmovible presenta múltiples e severos indicios patolóxicos en practicamente todos os seus elementos e indicaba que procedía adoptar con carácter inmediato as seguintes medidas:

- O desmantelamento e substitución integral da cuberta existente, incluíndo a súa estrutura portante;
- Realización de demolición controlada dos panos de revestimento de fachada (morteiro monocapa) que evidencien un desprendemento do soporte, procedendo a súa reposición cun sistema de revestimento análogo ao existente;
- Execución de reparacións estruturais nos dinteis ou elementos de formigón armado que manifesten desperfectos e que poidan derivar nunha potencial caída de cascotes



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 12 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

O Estudo técnico realizado pola referida empresa especializada en consultoría técnica da edificación requiría levar a cabo con carácter inmediato as medidas que acabamos de referir polo que, aínda que a competencia do cambio da cuberta corresponde á Xunta de Galicia, a vista da resposta desta administración, o Concello coa fin de manter a seguridade das persoas usuarias viuse obrigado a intervir neste centro educativo con carácter de emerxencia, xa que o estudo técnico puña de manifesto a existencia de perigos graves.

As obras deberon necesariamente realizarse durante o período de vacacións escolares, en primeiro lugar porque durante a execución dos traballos de desmonte completo das placas de fibrocemento con amianto non podían acceder ao centro outras persoas que non fosen aquelas que por razón do seu traballo ou función deberon operar no lugar (Real decreto 396/2006, de 31 de marzo polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos de risco de exposición ao amianto). Por outra parte, o resto das actuacións de carácter inmediato, tendo en conta a súa envergadura, deberon tamén realizarse nesta época estival (xa que a súa execución era incompatible co desenvolvemento da actividade lectiva normal), debendo garantir a volta do alumnado ao colexio no inicio do curso escolar 2025/26 nunhas axeitadas condicións de seguridade.

4. OBRAS CONTRATADAS POLO CONCELLO DE VIGO

O obxecto do contrato é a substitución da cuberta e reparación de fachadas para garantir a seguridade dos usuarios no no CEP Celso Emilio Ferreiro. Os traballos executados foron:

- 980 m² de demolición de cuberta de tella
- 980 m² de demolición de formación de pendentes de tabiques
- 980 m² de desmonte de cobertura de fibrocemento con amianto
- 120 ml de demolición de canalóns
- 980 m² de subestrutura metálica de cuberta
- 980 m² de cubrición de panel nervado
- 120 ml de canalón de aceiro
- 1 pa de reparación de aleiros
- 1 pa de reparación de fachada
- 1 pa a xustificar para imprevistos
- 1 ud de asistencia técnica e control de calidade
- 1 ud de medidas de seguridade e saúde
- 1 ud de coordinación de seguridade e saúde
- 170 ml de varanda perimetral fixa de aluminio para futuros traballos de mantemento
- 1 ud de xestión de residuos

Os devanditos traballos desglósanse no orzamento incluído na certificación de obra nº 1 presentada pola empresa ORECO BALGON, S.A. (antecedente XI).

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/02/2026 11:51	Páxina 13 de 133
2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026	CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A presente proposta remitirase para informe da Intervención Xeral Municipal, con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. En base ao elevase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

“Reclamar á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia o pagamento do custe da execución das obras de substitución de cuberta e reparación de fachadas para garantir a seguridade dos usuarios no recinto do CEP Celso Emilio Ferreiro, obras financiadas con fondos municipais por importe de de 577.382,27 euros (477.175,43 € + 100.206,84 € en concepto de IVE), por canto, atendendo ao réxime competencial exposto queda acreditado que a competencia para o cambio de cuberta no referido CEP corresponde á administración autonómica xa que excede notoriamente das labores de mantemento que a lei atribúe aos municipios. Así mesmo, quedou xustificada sobradamente a necesidade dunha intervención inmediata de substitución de dita cuberta e reparación de fachadas en base ao “Estudo de patoloxía en cuberta e fachadas no C.E.P. Celso Emilio Ferreiro” emitido en data 09/06/2025 pola empresa ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA SA.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(76).-BASES E CONVOCATORIA ESPECÍFICA DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO: ANO 2026. EXPTE. 99600/332.

Visto o informe de fiscalización de data 28.01.2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 21.01.2026, asinado polo técnico medio de actividades Culturais e Educativas, a xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Seguindo instrucións da concelleira da Área de Goberno de Educación, iniciáronse os contactos coa dirección da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), para colaborar novamente nunha edición máis con esta institución educativa no desenvolvemento do Programa de estancias lingüísticas no estranxeiro que promove o Concello de Vigo. Cómpre sinalar que esta iniciativa municipal supón unha continuidade na prestación da mesma, xa que en cumprimento da vontade manifestada pola Alcaldía de Vigo, o Concello de Vigo vén colaborando coa EOIV de xeito continuo e ininterrompido dende o ano 2009, mediante a convocatoria de axudas económicas en forma de bolsas de estudo individuais destinadas a financiar as actividades do programa formativo de inmersión lingüística en destino para o alumnado da EOIV que, cumprindo os requisitos específicos da convocatoria, posúe un mellor expediente académico.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 14 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

Para esta finalidade, a EOIV elaborou un programa marco (**achégase Acta da reunión do 15/01/2026 da EOIV presentada no Rexistro electrónico co código de solicitude W1419374-2164 e co nº de doc 260009992 en data de entrada 16/01/2026**), que figura como **Anexo** nas Bases que se inclúen no presente expediente, consistente no desenvolvemento dun curso de perfeccionamento en inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés e chinés, cunha estancia de dúas semanas de duración en cidades do Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e China. Esta institución calculou asemade, mediante consulta a provedores deste tipo de servizos, os custos/persoa para o desenvolvemento do programa e en función da porcentaxe de alumnado que ten matriculado por idioma e o volume de solicitudes por idioma que esta iniciativa municipal vén tendo en pasadas edicións, propuxo o número de beneficiarios/as das bolsas para cada lingua estranxeira.

Achégase ao presente expediente cadro ou estimación económica, tendo en conta prezos de mercado e balances das edicións anteriores, que serve de base para a determinación da contía, sobre a cal se fixaron as cantidades para cada bolsa, e finalmente foi redistribuída a contía total dispoñible entre os diversos destinos, e en función do número de bolsas para cada un deles.

O coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental dos sistemas educativos, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE), nos seus artigos 25 e 26 recolle nos seus principios pedagóxicos que no proceso de aprendizaxe das linguas estranxeiras priorizárase a comprensión e expresión oral. En consecuencia, o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira é un factor determinante para a adquisición dunha acreditada competencia plurilingüe, que posibilitará que o alumnado acade un nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita que vai a resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.

Por outra banda, o artigo 8 “cooperación entre administracións” da LOE recolle que as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións no ámbito das súas competencias para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuír aos fins establecidos nesta lei.

O Concello de Vigo non quere ser alleo á necesidade cada vez máis evidente de aprender linguas estranxeiras, non só para formar parte do proceso de globalización que está a ter lugar no mundo, senón tamén para desenvolver unha competencia plurilingüe e intercultural nun ámbito internacional, que sen dúbida algunha constitúe un valor engadido e factor determinante no futuro acceso ao mercado laboral, porque incide claramente na maior cualificación e formación deste alumnado para facer fronte aos retos da sociedade global que demanda maior manexo e dominio doutras linguas.

En consecuencia estas estadías lingüísticas no estranxeiro, posúen un grande valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez noutras linguas e potenciar a capacidade comunicativa nas mesmas, convertendo ao alumnado de Vigo, ao entrar en contacto con outras culturas e realidades sociais no seu tempo libre, en verdadeiros promotores e embaixadores da identidade cultural e turística da cidade de Vigo. Para iso, todo o alumnado da EOIV beneficiario destas bolsas municipais levará ao país de destino información de carácter turístico de Vigo e relacionada coa promoción cultural da

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/02/2026 11:51	Páxina 15 de 133
2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026	CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

cidade de Vigo que utilizarán no desenvolvemento das actividades formativas nas localidades de inmersión lingüística, e igualmente achegarán ao persoal educativo responsable dos distintos centros académicos formativos e residencias de estudantes en destino, distinto soporte documental específico en diversos formatos (posters, folletos, dípticos culturais e turísticos da cidade de Vigo).

Conforme dispón o artigo 25 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local (LRBRL), o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercicio das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias, cita textualmente as seguintes:

- Artigo 25.2.h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

- Artigo 25.2.i) Promoción da ocupación do tempo libre.

- Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

- Igualmente segundo o recollido no artigo 80.2.n da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), os municipios teñen competencia propia en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais e ocupación do tempo libre.

Consona a este marco de responsabilidade competencial obrigatorio e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo en función das políticas de promoción cultural e de ocupación do tempo libre que o goberno local considera apropiadas e, conforme ás súas prioridades programáticas; promover unha nova convocatoria das bolsas “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV para o ano 2026, que nas súas edicións anteriores ten acadado óptimos resultados de satisfacción e ten permitido mellorar a capacitación noutras linguas do alumnado vigués.

Con estas premisas, dende este Servizo Municipal de Educación, en contacto coa dirección da EOI de Vigo, redactáronse as Bases da convocatoria de Bolsas “Concello de Vigo” de estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV ano 2026, cuxa proposta de clausulado da convocatoria, obra no expediente **99600/332**.

O obxecto da proposta desta convocatoria de axudas económicas en forma de bolsas de estudo individuais é contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras do alumnado da EOIV, fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión das bolsas “Concello de Vigo” nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e proceder a súa convocatoria.

A concesión destas bolsas de estudos efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

De acordo co disposto no artigo 17.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 16 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

A este respecto, conforme ao disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2026 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto, o procedemento de concesión destas axudas rexeráse polas súas propias Bases, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En atención á especificidade da subvención e de acordo co disposto no artigo 20. 2. a) da LSG as bases reguladoras da subvención inclúense na convocatoria da mesma.

As Bases recollen todos os elementos necesarios para a selección dos beneficiarios/as das seguintes bolsas. As contías das bolsas son diferenciais en función do país de destino, habida conta de que os custos das actividades varían segundo sexa a estancia nun ou noutro país. As bolsas non tratan de cubrir todos os custes, senón aqueles que se estiman dentro dos elegibles e que constan nas bases.

Tramítase esta convocatoria de subvencións, que establece como límite superior das dotacións a cantidade de 88.750 euros que será aplicado con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0010 (Becas estudos internacionais EOIV) do exercicio de 2026.

Nº de bolsas	Destino	Distribución por Niveis do alumnado beneficiario	Contía/ bolsa .-€	Importe total .-€
19	Reino Unido / Irlanda	B1, B2, C1, C2	1.700,00	32.300,00
6	Francia	B1, B2, C1, C2	1.700,00	10.200,00
5	Alemaña / Austria	B1, B2, C1, C2	1.700,00	8.500,00
8	Italia	B2, C1, C2	1.700,00	13.600,00
3	Portugal	B1, B2, C1, C2	1.450,00	4.350,00
7	Xapón	B1, B2	2.200,00	15.400,00
2	China	A2.2,B1, B2	2.200,00	4.400,00
50				88.750,00 €

Tal e como se indica na primeira das Bases, os conceptos subvencionables para cada bolsa son os seguintes:

- Estancia durante dúas semanas en calquera cidade elixida libremente polo bolseiro/a pertencente aos países de Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e China.
- Gastos da viaxe de ida e volta para o desprazamento en autobús ou tren dende a estación de Vigo ou en avión dende o aeroporto de Vigo, cos seus enlaces aéreos correspondentes, ata a cidade do destino elixida libremente polo/a bolseiro/a nos países indicados nos que se desenvolverá o programa.

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 17 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O voo dende Vigo poderá aterrar nunha cidade diferente do país de destino, completando o desprazamento ata a cidade de destino final noutro medio de transporte público.

Os desprazamentos internos ao longo da estadía formativo lingüística quedan excluídos do programa.

- Nos destinos no Reino Unido e Irlanda, está incluído acompañamento de monitor/a da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de quince ou máis persoas, e o desprazamento en autobús o primeiro e o último día dende o aeroporto até a Residencia e viceversa, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Reino Unido / Irlanda.

- Matrícula e custo do curso intensivo nun centro académico do país da lingua en cuestión, cun programa mínimo de 15 horas lectivas semanais en réxime de inmersión lingüística.

- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.

- Aloxamento en hoteis, hostais, residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos con habitación dobre compartida e baño compartido.

- Seguro médico, de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

Dun xeito resumido, as características básicas das bolsas son as seguintes:

- Dirixidas ao alumnado que curse os seus estudos no presente curso académico 2025-2026, na sede central da EOIV (avda. Martínez Garrido) ou en calquera das súas seccións;

- En calquera dos cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas inglés, francés, alemán e portugués.

- En calquera dos cursos dos niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 do idioma italiano.

- En calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma xaponés.

- No segundo curso do nivel A2 e calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma chinés.

Establécese un número de bolsas aproximadamente proporcional ao número de alumnos/as matriculados na EOIV nas distintas especialidades.

- Financiarase, ata o límite económico indicado para cada bolsa, a realización íntegra do “programa de Estancias Lingüísticas no Estranxeiro” promovido pola EOI de Vigo. Este programa esencialmente consta da estancia, alternativamente, en cidades de Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e China, coa realización dun curso especializado de perfeccionamento no idioma respectivo, impartido por unha entidade homologada no país de destino.

- Ao pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a podería aplicarse a retención correspondente de IRPF que atendendo ás circunstancias persoais de cada beneficiario/a dará lugar ao posterior cumprimento das obrigas fiscais que se deriven da normativa legal vixente. En todo caso,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 18 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

será responsabilidade do/a beneficiario/a informarse sobre as repercusións da contía recibida na súa declaración de IRPF.

- A realización efectiva por parte do alumnado do programa subvencionado deberá realizarse dentro do ano 2026 e, consecuentemente, a xustificación da subvención, deberá realizarse antes do remate do mes de outubro do ano 2026.

Para acometer o gasto global de 88.750 euros na convocatoria do ano 2026, tramítase esta convocatoria de subvencións con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0010 (Becas estudos internacionais EOIV) do exercicio de 2026.

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 88.750 euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0010 “Becas estudos internacionais EOIV” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2026.

SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión das 50 bolsas “Concello de Vigo” para Estancias Lingüísticas no estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) para o ano 2026, que se achegan ao expediente.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión das 50 bolsas “Concello de Vigo” para Estancias Lingüísticas no estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) para o ano 2026, nos seguintes termos:

- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.
- Os modelos de formularios normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 19 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

BASES REGULADORAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2026 (expte. 99600/332).

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade

As presentes bases teñen como obxecto regular o procedemento para a selección e adxudicación de bolsas, en réxime de concorrência competitiva, entre o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) que curse os seus estudos no presente curso académico, en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas inglés, francés, alemán e portugués; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 do idioma italiano; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma xaponés e no segundo curso do nivel A2 e calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma chinés; a fin de que participe nun programa educativo no país do idioma correspondente.

A finalidade destas bolsas é contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

A bolsa irá destinada a financiar parte dos seguintes conceptos:

- Estancia durante dúas semanas en calquera cidade elixida libremente polo bolseiro/a pertencente aos países de Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e China.

- Gastos da viaxe de ida e volta para o desprazamento en autobús ou tren dende a estación de Vigo ou en avión dende o aeroporto de Vigo, cos seus enlaces aéreos correspondentes, ata a cidade do destino elixida libremente polo/a bolseiro/a nos países indicados nos que se desenvolverá o programa.

O voo dende Vigo poderá aterrar nunha cidade diferente do país de destino, completando o desprazamento ata a cidade de destino final noutro medio de transporte público.

Os desprazamentos internos ao longo da estadía formativo lingüística quedan excluídos do programa.

- Nos destinos no Reino Unido e Irlanda, está incluído acompañamento de monitor/a da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de quince ou máis persoas, e o desprazamento en autobús o primeiro e o último día dende o aeroporto até a Residencia e viceversa, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Reino Unido / Irlanda.

- Matrícula e custo do curso intensivo nun centro académico do país da lingua en cuestión, cun programa mínimo de 15 horas lectivas semanais en réxime de inmersión lingüística.

- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.

- Aloxamento en hoteis, hostais, residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos con habitación dobre compartida e baño compartido.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 20 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

- Seguro médico, de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

Estas bolsas municipais non contribuirán a sufragar gastos distintos aos estritamente mencionados anteriormente na presente base.

O programa deberá realizarse, dentro do ano 2026, e nunca despois do remate do mes de outubro do ano 2026.

SEGUNDA.- Número de bolsas, destinos e contía

A contía máxima de cada bolsa será a seguinte:

Nº de bolsas	Destino	Distribución por Niveis do alumnado beneficiario	Contía/bolsa .-€	Importe total .-€
19	Reino Unido / Irlanda	B1, B2, C1, C2	1.700,00	32.300,00
6	Francia	B1, B2, C1, C2	1.700,00	10.200,00
5	Alemaña / Austria	B1, B2, C1, C2	1.700,00	8.500,00
8	Italia	B2, C1, C2	1.700,00	13.600,00
3	Portugal	B1, B2, C1, C2	1.450,00	4.350,00
7	Xapón	B1, B2	2.200,00	15.400,00
2	China	A2.2,B1, B2	2.200,00	4.400,00
50				88.750,00 €

No caso de que non se cubran a totalidade das bolsas para algún dos idiomas estranxeiros propostos nas presentes bases, as bolsas vacantes acumularanse automaticamente e coa mesma dotación económica da bolsa que xerou a vacante, si este importe fose inferior, a calquera das outras linguas estranxeiras que presenten listaxe de suplentes.

E serán ordenadas co criterio preferente de maior puntuación final obtida dos alumnos/as incluídos na listaxe de suplentes de calquera dos outros idiomas. No caso de producírense empates na puntuación final, serán seleccionados aqueles solicitantes incluídos na listaxe de suplentes cuxa renda per cápita sexa menor. No caso de persistir o empate darase preferencia ao solicitante de maior idade.

O importe da bolsa deberá ser destinado na súa totalidade e exclusivamente ao financiamento do programa de estancias lingüísticas no estranxeiro aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo, para esta convocatoria 2026, cuxa síntese se inclúe como Anexo das presentes bases.

O importe total destinado a financiar esta convocatoria de bolsas ascende a 88.750 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0010 "Becas estudos internacionais" do exercicio de 2026.

TERCEIRA.- Prazo

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 21 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente **será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPPO**, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CUARTA.- Procedemento da concesión

O procedemento para a concesión destas bolsas será o de concorrencia competitiva, conforme aos principios de publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación, que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- Beneficiarios/as e requisitos

1. Os beneficiarios/as da presente convocatoria serán os alumnos e alumnas, españois ou estranxeiros con tarxeta de residencia ou de estancia por estudos en vigor, da EOI de Vigo, que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:

I.- Estar empadroado no Concello de Vigo con vixencia mínima dende o 1 de xaneiro 2025, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.

II.- Ter a maioría de idade legal de 18 anos na data de fin do prazo de presentación de solicitude da bolsa.

III.- Estar matriculado/a na sede central EOI de Vigo (avda. Martínez Garrido) ou en calquera das súas seccións nos idiomas inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés ou chinés no curso 2025-2026.

IV.- Ter aprobado un curso oficial presencial ou semipresencial na EOI de Vigo nos últimos 3 cursos académicos no idioma no que solicita a bolsa.

V.- Non ter residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos.

VI.- Non ter sido beneficiario/a dunha bolsa municipal para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOI de Vigo nas anteriores edicións no mesmo idioma, ou nos últimos tres cursos académicos nun idioma diferente.

VII.- Non ter gozado nos tres últimos anos dunha axuda para un programa similar ou coa mesma finalidade.

VIII.- Que se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O Concello de Vigo procederá á consulta e verificación telemática dos seus datos agás oposición expresa do interesado que reflectirá no/s apartado/s correspondente/s no Formulario de Solicitude on line, en cuxo caso xuntará a/s certificación/s que acrediten que están ao corrente, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/02/2026 11:51	Páxina 22 de 133
2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026	CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

IX.- Non estar incursas as persoas físicas, nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.

X.- Estar situado nun lugar da orde de prelación de solicitudes que lle permita a obtención dunha das bolsas convocadas.

2. Deberán solicitar as prazas os/as alumnos/as interesados/as.

3. As bolsas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, conforme ao proceso de selección e baremos que se recollen nas presentes Bases. As solicitudes que cumprindo os requisitos non sexan seleccionadas serán incluídas automaticamente nunha listaxe de suplentes en función da puntuación obtida.

4. Serán obrigas dos/as beneficiarios/as das bolsas, ademais das previstas nestas bases reguladoras e das sinaladas nos artigos 14 da LXS e 11 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as que seguen:

- Facilitar toda a información que fose requirida polo Concello de Vigo no proceso de xestión e aboamento destas axudas.
- Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
- Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo polo Servizo de Educación a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a este e á Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control das subvencións.

SEXTA.- *Compatibilidade*

Estas bolsas son incompatibles con calquera outra axuda obtida para a mesma finalidade doutros organismos públicos ou privados durante o ano 2026, comprometéndose o/a solicitante a comunicalo e a reintegrar a axuda ao Concello de Vigo no caso de tela recibido.

SÉTIMA.- *Solicitudes e documentación*

1. Solicitudes:

Para iniciar o proceso de presentación de solicitude durante o prazo habilitado ao efecto, os/as interesados/as deberán cubrir o formulario electrónico de uso obrigatorio a través da aplicación en liña dispoñible na páxina <https://escolas.vigo.org/bolsaseoiv>. Unha vez cuberto este formulario, gravaranse os datos na aplicación en liña, o que permitirá ao interesado/a elixir posteriormente entre a presentación telemática a través da sede electrónica do Concello de Vigo ou presencial a través da oficina de rexistro.

- **Solicitude telemática (vía preferente):** Entrando na ligazón web <https://www.vigo.org/solicitude-bolsaseoiv>, cubrir os campos requiridos, premer o botón “tramitar por internet” e acceder á carpeta cidadá para rexistrar o formulario de solicitude. (deberá dispoñer de certificado dixital, DNI electrónico, usuario e contrasinal do Concello...), sendo necesario asinalo por calquera dos medios de sinatura admitidos na

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 23 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

sede electrónica que se poden consultar na ligazón "https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?id=sede_firma".

Unha vez realizado este proceso poderá descargar o xustificante do Rexistro.

- **Solicitude presencial:** Unha vez cuberto o Formulario de Solicitude aloxado na páxina web <https://escolas.vigo.org/bolsaseoiv>, deberase obrigatoriamente imprimir e asinar e, acompañado da documentación requirida se fose necesario, presentalo no Rexistro Xeral do Concello de Vigo de luns a venres en horario de 9:00 a 13:30 horas (previa cita nos teléfonos 010 / 986810260 / 986810100 ou na web "citaprevia.vigo.org"), ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

No caso de que a solicitude sexa enviada por correo postal, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o/a funcionario/a da oficina de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación postal. Así mesmo, o/a solicitante fará chegar mediante correo electrónico á oficina do programa "Vigo en Inglés" ubicada no Servizo municipal de Educación (a través do e-mail "vigoeningles@vigo.org"), xustificante do envío postal.

É imprescindible que o formulario de Solicitude vaia asinado, o que poderá facerse manual ou dixitalmente.

A presentación da solicitude desta axuda levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e da súa publicación nas páxinas web do Servizo de Educación do Concello de Vigo e da EOIV, así como nos taboleiros de anuncios oficiais de ámbalas dúas institucións.

2. Documentación:

A documentación que corresponda presentar en cada caso, poderase achegar electronicamente mediante o seu escaneado no lugar indicado no Formulario de Solicitude, na sede electrónica ou ben presentar fisicamente en papel no momento de realizar a solicitude presencial no rexistro.

- Formulario de solicitude debidamente cuberto e asinado.
- Fotocopia simple do DNI do solicitante ou pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses). No caso de alumnado estranxeiro, deberán presentar fotocopia simple da tarxeta de residencia ou de estancia por estudos e o pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses).
- Xustificación de ingresos: unicamente aqueles que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da Unidade familiar. No caso de non ter presentada a declaración da renda, teranse en conta os datos fiscais que proporcione a Axencia Tributaria. A non presentación da documentación acreditativa de ingresos ou situación económica de renda e patrimonio, dentro do prazo establecido, suporá a renuncia implícita de ser valorado neste apartado do baremo que se recolle no punto oitavo, e se lle outorgará cero puntos.
- Certificación académica orixinal da EOI de Vigo na que conste:
 - A cualificación final acadada polo/a solicitante, no último curso oficial presencial ou semipresencial apto realizado nesta Escola, e desenvolvido nos 3 últimos cursos académicos, no idioma no que solicita a bolsa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/02/2026 11:51	Páxina 24 de 133
2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026	CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

- Que está matriculado na EOI de Vigo no curso 2025-2026.
- Fotocopia simple do libro de familia completo na que figuren todos os membros da unidade familiar (no caso de non ter libro de familia terá que presentarse documentación que acredite o número de membros da unidade familiar) ou acreditación de outras circunstancias familiares especiais co achegamento da fotocopia simple do título de familia numerosa en vigor, convenio regulador ou sentenza de separación para acreditar a condición de familia monoparental, se é o caso.
- De ser o caso, certificado de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar de convivencia emitido polo órgano competente, cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.
- Unicamente para os solicitantes que se opoñan expresamente á consulta e verificación telemática dos seus datos: Certificados que acrediten que o/a solicitante está ao corrente nas súas obrigas fiscais coa Axencia tributaria estatal, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a Seguridade Social;. Así mesmo, autorízase expresamente ao Concello a obter os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas fiscais e Seguridade Social.
- Certificado de períodos de inscrición do Servizo Público de Emprego Galego que acredite a situación de desemprego e Informe de Vida Laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Documentación acreditativa do nº de conta bancaria co IBAN do/a solicitante.

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificandos documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requirir das persoas solicitantes en calquera momento aclaración da documentación presentada.

A obtención e desfrute da bolsa municipal falseando as condicións requiridas, ou ocultando aquelas que o impedisen, poderá supoñer o reintegro do importe equivalente ao custo da bolsa concedida e a esixencia do xuro de demora correspondente dende a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Tramitación e emenda de solicitudes.

A instrución do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación acreditativa dos mesmos, e requirirá, de ser o caso, ao solicitante para que no prazo de 10 días hábiles, emende a solicitude ou acompañe os documentos preceptivos coa advertencia de que, no caso de non o facer, se entenderá que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

A notificación do requirimento realizarase aos interesados mediante publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Edictos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/02/2026 11:51	Páxina 25 de 133
2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026	CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

NOVENA.- Criterios de valoración

A selección das solicitudes determinarase mediante os seguintes criterios:

- A maior cualificación final acadada polo/a solicitante, resultante da nota do último curso oficial presencial ou semipresencial apto realizado nesta Escola e desenvolvido nos 3 últimos cursos académicos no idioma no que solicita a bolsa.

- Engadiranse á cualificación final acadada: franxas de 0,35 puntos por cada curso aprobado na EOIV nos últimos tres cursos académicos, no idioma no que se solicite a bolsa.

- Engadiranse á cualificación final acadada no idioma no que se solicita a bolsa: 0,5 puntos por estar cursando o segundo curso do nivel avanzado C1 dos idiomas inglés, francés, alemán e italiano; o nivel avanzado C1 do idioma portugués; o terceiro curso do nivel intermedio B1 ou o primeiro ou segundo curso do nivel B2 do idioma xaponés; así como o segundo ou terceiro curso do nivel intermedio B1 e o primeiro curso do nivel intermedio B2 do idioma chinés.

- Engadiranse á cualificación final acadada no idioma no que se solicita a bolsa: 0,5 puntos por estar cursando o nivel avanzado C2.

- Pola situación laboral de desemprego do/a alumno/a solicitante:

No caso de levar en situación laboral de desemprego 12 meses ininterrompidos ou máis = 1 punto.

No caso de levar en situación laboral de desemprego menos de 12 meses = 0,5 puntos.

- Ao alumno/a solicitante con ingresos anuais per cápita iguais ou menores ao IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) fixado en 8.400,00.-€/ano: outorgarase ata un máximo de 1 punto.

O ingreso anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos anuais da unidade familiar de convivencia entre o número de integrantes, e ten a consideración de ingresos totais a suma da base imponible xeral máis a base imponible de aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas de cada un dos membros da unidade familiar de convivencia.

- A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia numerosa, de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, de xeito que se outorgarán as seguintes puntuacións sumadas á da cualificación:

- Categoría Especial = 1 punto

- Categoría Xeral = 0,5 puntos

- A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia monoparental: outorgarase 0,5 puntos.

- A efectos do cálculo da renda per cápita, no caso de que algún membro da unidade familiar de convivencia teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, no cómputo dos membros engadírase un membro máis, sempre e cando se achegue a acreditación documental desta situación expedida pola administración competente.

- Con todo, no caso de producírense empates na cualificación final, serán seleccionados aqueles solicitantes cuxa renda per cápita sexa menor, ordenándose a lista por este



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/02/2026 11:51	Páxina 26 de 133
2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026	CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

criterio para adxudicar as bolsas restantes e tamén a listaxe de suplentes. No caso de persistir o empate darase preferencia ao solicitante de maior idade. As bolsas serán adxudicadas, coas proporcións por idioma que se conteñen nestas Bases.

- Cos solicitantes non seleccionados que reúnan os requisitos da convocatoria e, se é o caso, trala valoración do nivel de renda e a aplicación ás listaxes do seu resultado, formarase unha listaxe de suplentes ordenada pola puntuación final obtida para o caso de que existan baixas ou renuncias na listaxe inicial seleccionada en cada un dos idiomas obxecto desta convocatoria.

Para o caso de que, unha vez adxudicadas, haxa prazas vacantes por renuncia, serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda, que seguirá o procedemento establecido na presente cláusula.

DÉCIMA.- Comisión de Valoración

Coa finalidade de examinar e avaliar a documentación presentada polos solicitantes, constituirase unha Comisión de Valoración, que estará integrada pola concelleira delegada de Educación, Dña. Olga Alonso Suárez que actuará de presidenta; a xefa do Servizo de Educación, Dña. María José Loureiro Bada e o técnico do Servizo de Educación, D. Pedro M^a Vázquez Iglesias, que actuará como secretario; serán vogais da mesma: a Directora da EOIV, Dña. Laura Torrado Mariñas, e a Vicedirectora da EOIV, Dña Helen Avery Burr.

Este órgano colexiado avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto noveno e inicialmente emitirá unha proposta de resolución provisional, na que se concretará o resultado da avaliación debidamente motivada, con indicacións das solicitudes admitidas ás que se lles propón a concesión da bolsa, seguidas das solicitudes que aínda cumprindo os requisitos esixidos non obteñan a bolsa por insuficiencia de puntuación, as cales pasarán a engrosar a "listaxe de suplentes", finalizando coas solicitudes desestimadas e excluídas con expresión da súa causa. Esta proposta de resolución provisional non crea dereito ningún a favor do/a beneficiario/a ata que non se teña procedido á resolución definitiva aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Esta comisión resolverá calquera incidencia e/ou dúbida interpretativa que poida xurdir na aplicación das bases da presente convocatoria.

A presidenta poderá decidir que asista a esta comisión calquera outro asesor/a técnico/a ou profesional cualificado/a do mundo da ensinanza da lingua estranxeira, que actuará con voz pero sen voto.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Concesión e resolución das axudas

O Servizo municipal de Educación, en base aos informes da Comisión de Valoración, que previamente terá examinado e resolto as alegacións achegadas polos/as interesados/as, formulará a proposta de resolución definitiva que se elevará á Xunta de Goberno Local como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, puntuación obtida, nº de expediente, curso, destino e resolución das axudas/prazas indicando o estado de adxudicada, listaxe de suplentes ou denegadas con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega.

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 27 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Así mesmo, o Servizo municipal de Educación, como Instrutor, de conformidade co recollido na cláusula sétima, fará constar expresamente, que da información que obra no seu poder, se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

Na relación constarán:

1. Listaxe do alumnado beneficiario das axudas.
2. Listaxe do alumnado suplente, con indicación da puntuación correspondente. Nesta listaxe figurará o alumnado que, reunindo os requisitos exixidos, non acadou un número de orde que lle permita ser adxudicatario/a da axuda.
3. Listaxe de solicitudes denegadas por non reunir algún ou algúns dos requisitos exixidos neste convocatoria, con indicación das causas de denegación.

A Xunta de Goberno Local aprobará a listaxe definitiva de bolsas concedidas, suplentes e denegadas.

Esta relación publicarase na páxina web www.vigo.org, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e no taboleiro de anuncios e web da EOI Vigo (www.eoidevigo.org). Igualmente, o órgano instrutor comunicará a publicación das listaxes a todo o alumnado solicitante, a través de SMS ou e-mail indicados na solicitude.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no Portal de Transparencia e no Taboleiro de Edictos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

DÉCIMO SEGUNDA.- Aceptación ou renuncia da axuda

Os alumnos e alumnas aos que se lles adxudique a axuda definitiva, previo acordo da Xunta de Goberno Local, e polo tanto que resulten beneficiarios e beneficiarias das bolsas, deberán tramitar no prazo habilitado ao efecto vía telemática no sitio web "<https://vigo.org/bolsaseoiv>" a aceptación ou renuncia expresa da axuda asignada. Para isto disporán dun prazo de 5 días, contados a partir do día seguinte da data da publicación na páxina web municipal da concesión das bolsas.

A non xustificación da aceptación da axuda mediante a tramitación do proceso anteriormente descrito, dentro do prazo que se fixe, implica a renuncia á axuda adxudicada.

DÉCIMO TERCEIRA.- Xestión de prazas vacantes por renunciias

No caso de que un beneficiario/a definitivo de bolsa de calquera dos idiomas estranxeiros propostos nas presentes bases renunciase á mesma, a bolsa vacante xerada por esta renuncia será ofertada por chamamento directo ao alumnado incluído na listaxe de suplentes do mesmo idioma no que se produce a renuncia, segundo a relación de listaxe de suplentes do dito idioma, aprobada pola Xunta de Goberno Local.

No caso de non existir listaxe de suplentes no idioma no que se produce a renuncia, a bolsa vacante acumularase automaticamente a calquera das outras linguas estranxeiras que presenten listaxe de suplentes, que serán ordenadas co criterio preferente de maior puntuación final obtida dos alumnos/as incluídos na listaxe de suplentes de calquera dos



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 28 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

outros idiomas. No caso de se produciren empates na puntuación final, serán seleccionados aqueles solicitantes incluídos na listaxe de suplentes cuxa renda per cápita sexa menor, e no caso de persistir o empate, darase preferencia ao solicitante de maior idade.

DÉCIMO CUARTA.- Xustificación e pagamento

Aos efectos de xustificar a realización do obxecto da subvención, os/as beneficiarios/as deberán presentar ao remate da súa estadía de inmersión lingüística facturas orixinais, ou outros documentos de valor probatorio equivalente, dos gastos realizados e para os que se concedeu a subvención. As facturas deberán recoller o número de CIF, data, número e IVE que corresponda. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que, séndolle esixibles, non reúnan as condicións previstas no Real Decreto 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación e o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

Acompañarase obrigatoriamente ás facturas, copia dos xustificantes de pagamento mediante transferencia bancaria e certificación da Escola Oficial de Idiomas na que conste que a actividade realizada polo alumnado se corresponde integramente co programa aprobado pola EOIV.

Estas facturas ou documentos equivalentes na súa tramitación posterior deberán ir acompañadas do preceptivo informe técnico emitido polo Servizo de Educación que recolla a conformidade dos documentos xustificativos presentados, e onde se manifeste expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención.

Ao pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a podería aplicarse a retención correspondente de IRPF que atendendo ás circunstancias persoais de cada beneficiario/a dará lugar ao posterior cumprimento das obrigas fiscais que se deriven da normativa legal vixente. En todo caso, será responsabilidade do/a beneficiario/a informarse sobre as repercusións da contía recibida na súa declaración de IRPF.

Este pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a farase trala realización efectiva do programa e previa presentación no Servizo municipal de Educación das correspondentes facturas orixinais, certificacións ou documentos equivalentes, emitidas a nome do solicitante polo importe total dos custos e coa certificación da Escola de Idiomas na que conste que a actividade realizada polo alumnado se corresponde integramente co programa aprobado pola EOIV.

O aboamento das contías subvencionadas farase efectivo mediante libramento único e directo na conta bancaria indicada polo alumno/a beneficiario/a, da que deberá ser titular.

Se o importe total da xustificación é inferior ao importe concedido, só se aboará o importe xustificado.

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 29 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

En calquera caso a xustificación completa do importe concedido coa bolsa debera realizarse polo/a beneficiario/a antes do remate do mes de outubro do ano 2026. No caso de non presentala neste prazo, entenderase que renuncian a axuda.

DÉCIMO QUINTA.- Publicidade

1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

As presentes Bases reguladoras e a Convocatoria publicaranse conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da LXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Publicaranse, unha vez aprobadas:

- As Bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), no Portal de Transparencia, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na páxina web da EOIV (www.eoidevigo.org).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no Portal de Transparencia, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na páxina web da EOIV (www.eoidevigo.org), así como nun diario local impreso de maior tirada.

A publicación do Extracto enviado pola BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.

Estas Bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

2. Publicidade das subvencións concedidas.

Todas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Editos e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

A resolución que acorde a concesión das bolsas, con expresión do/a alumno/a solicitante, expediente, finalidade da axuda (Bolsas Concello de Vigo ano 2026) e a resolución atribuída (concedida, denegada ou lista de agarda), publicarase nos taboleiros de anuncios e webs citadas de acordo co disposto no artigo 15.2.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

DÉCIMO SEXTA.- Reclamacións

Fronte a esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo de un mes, dende o día seguinte ao da súa publicación



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 30 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

DÉCIMO SÉTIMA.- *Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro das subvencións. Réxime de infraccións e sanción*

Perda do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da/o beneficiaria/o da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de subvencións de Galicia. A renuncia ou anulación de matrícula do curso 2025-2026 dará lugar ao reintegro da cantidade percibida.

DÉCIMO OITAVA.- *Tratamento de datos de carácter persoal*

Os datos persoais facilitados neste formulario, indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/02/2026 11:51	Páxina 31 de 133
2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026	CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

adecuadamente as *Bolsas do Concello de Vigo de estancias lingüísticas no estranxeiro para o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV)*, correspondentes ao ano 2026.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos e Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no Programa e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito da educación, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Programa, incluído o prazo de prescrición para os efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións Públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

DÉCIMO NOVENA.- Disposición final

A presente convocatoria rexeráse polas súas bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2026, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Estas bolsas de estudos están recollidas no Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de marzo de 2024.

A presentación da solicitude implica que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria, e o cumprimento de todas as obrigas nelas establecidas.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 32 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

ANEXO

PROGRAMA DE ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO.

(BOLSAS CONCELLO DE VIGO. AÑO 2026)

Aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo: Acta da Comisión de Valoración do “Programa Estancias Lingüísticas no Estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo das Bolsas “Concello de Vigo 2026” no día 15 de Xaneiro de 2026.

Características mínimas do Programa de Formación

Como mínimo cumprírase cos seguintes termos.

1. Curso de lingua

- **Duración do curso contratado:** 2 semanas (días lectivos: luns – venres)
- **Número mínimo de horas lectivas por semana contratadas:** 15 horas / semana (podendo ser divididas en leccións dunha duración mínima de 45 minutos, por exemplo 20 leccións de 45 minutos ou 18 leccións de 50 minutos)
- **Duración mínima de cada lección:** 45 minutos.
- **Número máximo de estudantes por aula:** 16 alumnos.
- **Profesorado Nativo** na lingua de destino.
- Realización de **Test de nivel**.
- **Diploma acreditativo** da realización do programa.
- **Características dos centro de estudos:**
 - Acreditación/certificación dos centros de estudo: No caso do Reino Unido debe de estar acreditado polo British Council, e nos destinos restantes, nos que sexa posíbel, por algún organismo nacional ou internacional.
 - A localización: No centro das cidades dos destinos ou cerca da cidade con boa conexión.
 - Recursos: Deben de estar equipados con instalacións modernas (ordenadores, acceso a internet, biblioteca multimedia, espazo de estudos, etc).

2. Aloxamento

O aloxamento dependendo do destino, poderá ser: **Hotel, hostel ou Residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos, con habitación dobre compartida e baño compartido. Deberá estar ben comunicado coa escola.**

3. Desprazamentos

O desprazamento poderá ser en autobús ou tren dende a estación de Vigo ou avión dende o aeroporto de Vigo á cidade de destino, tanto na ida como na volta. Os desprazamentos internos ao longo da estadia formativo-lingüística quedan excluídos do Programa. Só nos destinos no Reino Unido e Irlanda, incluírase o desprazamento en autobús dende o aeroporto á residencia e viceversa.

4. Acompañamento

Nos destinos no Reino Unido ou Irlanda, acompañará un monitor da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de quince ou máis persoas.

5. Seguros

Seguro médico e de asistencia en viaxe.

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 33 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Distribución e desglose das cuantías económicas das bolsas por destino:

Nº de bolsas	Destino	Niveis Alumnado Beneficiario	Contía bolsa euros	Importe total euros
19	Reino Unido / Irlanda	B1, B2, C1, C2	1.700,00	32.300,00
6	Francia	B1, B2, C1, C2	1.700,00	10.200,00
5	Alemaña / Austria	B1, B2, C1, C2	1.700,00	8.500,00
8	Italia	B2, C1, C2	1.700,00	13.600,00
3	Portugal	B1, B2, C1, C2	1.450,00	4.350,00
7	Xapón	B1, B2	2.200,00	15.400,00
2	China	A2.2,B1, B2	2.200,00	4.400,00
50				88.750,00 €

Recoméndase aos posibles beneficiarios/as das bolsas “Concello de Vigo 2026” contratar a prestación dos servizos da viaxe, curso e estadia cunha empresa ou entidade cualificada e especializada da súa libre e voluntaria elección, que preste un servizo que expresamente cumpra na súa integridade co programa formativo-lingüístico aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV).

Entendemos que para cada beneficiario/a pode resultar unha tarefa complicada a xestión de xeito individual de toda a loxística organizativa que inclúe o desfrute da bolsa municipal (desprazamento, aloxamento en destino, escola que imparta o programa formativo validado pola EOIV, coberturas de seguros...), polo que se garante unha xestión máis efectiva e eficiente recorrendo a empresas especializadas do sector que teñen un coñecemento exhaustivo no campo da promoción do plurilingüismo, e da mobilidade noutros países co obxectivo de acceder ao coñecemento de linguas estranxeiras e á diversidade cultural.

Programa formativo: características específicas recomendábeis

Destino	Tipo Aloxamento	Nº Becas
Reino Unido / Irlanda	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas.	19
Francia	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	6
Alemaña /Austria	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	5
Italia	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	8
Portugal	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	3
Xapón	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	7
China	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	2

Total Bolseiros: 50



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 34 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

Características Destinos / Estadías:

Reino Unido / Irlanda	
a. Características do curso:	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	- Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo - A Escola deberá estar acreditada (ex: British Council).
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas.
Situación:	Deberá estar ben comunicado coa escola.
Total Bolsas	
19	

Francia:	
a. Características do curso:	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	- Test de Nivel e Diploma Acreditativo - A Escola deberá estar acreditada (ex: TEF, UNOSEL, Chambre de Commerce et d'industrie de Paris,...)
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Total Bolsas	
6	

Alemaña / Austria	
a. Características do curso:	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Total Bolsas	
5	

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 35 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Italia:		
a. Características do curso:		
Ubicación:	No centro da cidade de destino	
Duración Programa:	2 semanas	
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana	
Duración mínima dunha lección:	45 minutos	
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes	
Outros datos de interese:	-Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo	
b. Características do Aloxamento:		
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..	
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.	
	Total Bolsas	8

Portugal:		
a. Características do curso:		
Ubicación:	No centro da cidade de destino	
Duración Programa:	2 semanas	
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana	
Duración mínima dunha lección:	45 minutos	
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes	
Outros datos de interese:	-Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo	
b. Características do Aloxamento:		
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..	
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.	
	Total Bolsas	3

Xapón:		
a. Características do curso:		
Ubicación:	No centro da cidade de destino	
Duración Programa:	2 semanas	
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana	
Duración mínima dunha lección:	45 minutos	
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes	
Outros datos de interese:	-Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo	
b. Características do Aloxamento:		
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..	
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.	
	Total Bolsas	7

China:		
a. Características do curso:		
Ubicación:	No centro da cidade de destino	
Duración Programa:	2 semanas	



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 36 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	-Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
	Total Bolsas 2

CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONCESIÓN DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2026.

Primeiro. OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto destas axudas económicas en forma de bolsas de estudo individuais é contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras do alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional, a través do financiamento das actividades do programa formativo de inmersión lingüística en destino, a realizar dentro do ano 2026 e nunca despois do remate do mes de outubro do ano 2026.

Segundo.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

Terceiro.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

O importe total destinado a financiar esta convocatoria de bolsas ascende a 88.750 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0010 “Becas estudos internacionais EOIV” do exercicio de 2026.

Cuarto.- NÚMERO DE BOLSAS, DESTINOS E CONTÍA.

Nº de bolsas	Destino	Distribución por Niveis do alumnado beneficiario	Contía/bolsa .- €	Importe total .-€
19	Reino Unido / Irlanda	B1, B2, C1, C2	1.700,00	32.300,00
6	Francia	B1, B2, C1, C2	1.700,00	10.200,00
5	Alemaña / Austria	B1, B2, C1, C2	1.700,00	8.500,00

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 37 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

8	Italia	B2, C1, C2	1.700,00	13.600,00
3	Portugal	B1, B2, C1, C2	1.450,00	4.350,00
7	Xapón	B1, B2	2.200,00	15.400,00
2	China	A2.2,B1, B2	2.200,00	4.400,00
50				88.750,00 €

Quinto.- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES.

A bolsa irá destinada a financiar os seguintes conceptos:

- Estancia durante dúas semanas en calquera cidade elixida libremente polo bolseiro/a pertencente aos países de Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e China.

- Gastos da viaxe de ida e volta para o desprazamento en autobús ou tren dende a estación de Vigo ou en avión dende o aeroporto de Vigo, cos seus enlaces aéreos correspondentes, ata a cidade do destino elixida libremente polo/a bolseiro/a nos países indicados nos que se desenvolverá o programa.

O voo dende Vigo poderá aterrizar nunha cidade diferente do país de destino, completando o desprazamento ata a cidade de destino final noutro medio de transporte público.

Os desprazamentos internos ao longo da estadía formativo lingüística quedan excluídos do programa.

- Nos destinos no Reino Unido e Irlanda, está incluído acompañamento de monitor/a da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de quince ou máis persoas, e o desprazamento en autobús o primeiro e o último día dende o aeroporto até a Residencia e viceversa, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Reino Unido / Irlanda.

- Matrícula e custo do curso intensivo nun centro académico do país da lingua en cuestión, cun programa mínimo de 15 horas lectivas semanais en réxime de inmersión lingüística.

- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.

- Aloxamento en hoteis, hostais, residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos con habitación dobre compartida e baño compartido.

- Seguro médico, de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

Sexto. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar esta bolsa o alumnado da EOI de Vigo que curse os seus estudos no presente curso académico: en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas inglés, francés, alemán e portugués; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 do idioma italiano; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma xaponés e no segundo curso do nivel A2 e calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma chinés; que cumpra os requisitos específicos establecidos nas bases da convocatoria.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 38 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

Os demais requisitos que deben cumprir os/as beneficiarios/as da presente convocatoria recóllense na base quinta das que a rexen.

Sétimo.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Oitavo.- DOCUMENTACIÓN.

A documentación que corresponda presentar en cada caso relaciónase na base sétima das que rexen a presente convocatoria.

Noveno.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO.

O Servizo municipal de Educación será o encargado da instrución do procedemento de concesión das bolsas. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración.

O Servizo municipal de Educación, en base aos informes da Comisión de Valoración, que previamente terá examinado e resolto as alegacións achegadas polos/as interesados/as, formulará a proposta de resolución definitiva que se elevará á Xunta de Goberno Local como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria, con listaxe definitiva de bolsas concedidas, denegadas e en lista de suplentes.

Décimo. CRITERIOS DE VALORACIÓN

A selección das solicitudes determinarase mediante os seguintes criterios:

- A maior cualificación final acadada polo/a solicitante, resultante da nota do último curso oficial presencial ou semipresencial apto realizado nesta Escola e desenvolvido nos 3 últimos cursos académicos no idioma no que solicita a bolsa.
- Engadiranse á cualificación final acadada: franxas de 0,35 puntos por cada curso aprobado na EOIV nos últimos tres cursos académicos, no idioma no que se solicite a bolsa.
- Engadiranse á cualificación final acadada no idioma no que se solicita a bolsa: 0,5 puntos por estar cursando o segundo curso do nivel avanzado C1 dos idiomas inglés, francés, alemán e italiano; o nivel avanzado C1 do idioma portugués; o terceiro curso do nivel intermedio B1 ou o primeiro ou segundo curso do nivel B2 do idioma xaponés; así como o segundo ou terceiro curso do nivel intermedio B1 e o primeiro curso do nivel intermedio B2 do idioma chinés.
- Engadiranse á cualificación final acadada no idioma no que se solicita a bolsa: 0,5 puntos por estar cursando o nivel avanzado C2.
- Pola situación laboral de desemprego do/a alumno/a solicitante:

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/02/2026 11:51	Páxina 39 de 133
2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026	CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No caso de levar en situación laboral de desemprego 12 meses ininterrompidos ou máis = 1 punto.

No caso de levar en situación laboral de desemprego menos de 12 meses = 0,5 puntos.

- Ao alumno/a solicitante con ingresos anuais per cápita iguais ou menores ao IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) fixado en 8.400,00.-€/ano: outorgarase ata un máximo de 1 punto.

O ingreso anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes, e ten a consideración de ingresos totais a suma da base imponible xeral máis a base imponible de aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas de cada un dos membros da unidade familiar.

- A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia numerosa, de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, de xeito que se outorgarán as seguintes puntuacións sumadas á da cualificación:

- Categoría Especial = 1 punto

- Categoría Xeral = 0,5 puntos

- A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia monoparental: outorgarase ata un máximo de 0,5 puntos.

- A efectos do cálculo da renda per cápita, no caso de que algún membro da unidade familiar de convivencia teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, no cómputo dos membros engadírase un membro máis, sempre e cando se achegue a acreditación documental desta situación expedida pola administración competente.

Décimo primeiro. PUBLICIDADE.

As presentes Bases reguladoras e a Convocatoria publicaranse conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da LXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Publicaranse, unha vez aprobadas:

- As Bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), no Portal de Transparencia, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na páxina web da EOIV (www.eoidevigo.org).

- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no Portal de Transparencia, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na páxina web da EOIV (www.eoidevigo.org), así como nun diario local impreso de maior tirada.

A publicación do Extracto enviado pola BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.

Todas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Editos e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 40 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

Décimo segundo.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O alumnado da EOIV beneficiario das bolsas deberá xustificar ata o 30 de outubro de 2026 (incluído) o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

Décimo terceiro.- PAGAMENTO.

O pago da contía total da subvención ao alumnado da EOIV que resulte beneficiario/a terá lugar tras a xustificación polo/a alumno/a da EOIV beneficiario/a, da realización da actividade para a que se concedeu a subvención, achegando a documentación preceptiva para elo establecida nas bases da convocatoria.

Décimo cuarto.- RECURSOS PROCEDENTES.

Contra as bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que as ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

Décimo quinto.- NORMATIVA E BASES REGULADORAS.

Esta convocatoria rexerase polas súas Bases, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local; pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polas Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA XX/XX/2026 POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONCESIÓN DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO (EOIV), ANO 2026.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 41 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Código BDNS XXXXX

Primeira.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

Contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras do alumnado da EOIV, fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

Segunda.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 88.750,00 € (oitenta e oito mil setecentos cincuenta Euros) con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0010 “Becas estudos internacionais EOIV” do exercicio 2026.

Terceira. - BENEFICIARIOS.

Alumnado da EOI de Vigo que curse os seus estudos no presente curso académico: en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas inglés, francés alemán e portugués; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 do idioma italiano; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma xaponés e no segundo curso do nivel A2 e calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma chinés; que cumpra os requisitos específicos establecidos nas bases da convocatoria.

Cuarta.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

Quinta.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Sexta.- BASES REGULADORAS.

A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local, e na web www.vigo.org, e na web www.eoidevigo.org.

Sétima.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O alumnado da EOIV beneficiario/a das bolsas deberá xustificar ata o 30 de outubro de 2026 (incluído).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 42 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

OITAVA.- PAGAMENTO.

Ao pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a podería aplicarse á retención correspondente de IRPF que atendendo ás circunstancias persoais de cada beneficiario/a dará lugar ao posterior cumprimento das obrigas fiscais que se deriven da normativa legal vixente. En todo caso, será responsabilidade do/a beneficiario/a informarse sobre as repercusións da contía recibida na súa declaración de IRPF.

5(77).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO V PLAN INTEGRAL DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DA CIDADE DE VIGO 2026-2030. EXPTE. 14362/224.

Visto o informe xurídico de data 03.02.2026, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa de Igualdade e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. CONTEXTO NORMATIVO E PRINCIPIOS XURÍDICOS

A **Declaración Universal dos Dereitos Humanos**, aprobada e proclamada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 10 de decembro de 1948, incluíu no artigo 2.1 que *“toda persoa ten todos os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción algunha de raza, color, sexo, lingua, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición”*.

En 1979, coa aprobación da **Convención sobre a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra as Mulleres, (CEDAW)**, ratificada en 1984 por España, hai un relevante avance na universalización da igualdade de dereitos entre mulleres e homes.

En 1985 celebrouse, en Nairobi, a **III Conferencia Mundial sobre a Condición Xurídica e Social da Muller** que senta as bases que declaran que todas as políticas están relacionadas coas mulleres. Foi fundamental a **Declaración da ONU sobre a eliminación da violencia contra a muller** na Asemblea Xeral celebrada en Nova York en 1993.

A **IV Conferencia Mundial das Mulleres de Beijing**, celebrada en 1995, considérase un dos máis importantes momentos da historia das políticas públicas de igualdade. Así, aprobouse a **Declaración e a Plataforma de Acción de Beijing** na que se identifican doce esferas de especial preocupación e que esixiron actuacións concretas por parte de gobernos e sociedade civil: a situación da poboación infantil feminina, a pobreza, a educación, a saúde, a violencia, os conflitos armados, a economía, a toma de decisións, os mecanismos institucionais, os dereitos humanos, os medios de comunicación e a relación entre mulleres e medio ambiente.

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 43 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A primeira referencia ao principio de igualdade no eido europeo aparece no **Tratado de Roma de 1957**, que establecía como obrigación dos estados membros garantir a aplicación do principio de igualdade de retribución entre traballadoras e traballadores. O **Tratado da Unión Europea (1992)** sinalaba que o principio de igualdade non obstará para que os estados membros poidan adoptar medidas de acción positiva. A Comisión Europea adoptou o enfoque do mainstreaming ou transversalidade de xénero en 1996 e, coa entrada en vigor do **Tratado de Amsterdam en 1999**, a igualdade entre mulleres e homes e a eliminación das desigualdades son un obxectivo que debe integrarse en todas as políticas e accións da Unión e dos seus membros como un dos principios básicos na concepción da cidadanía europea.

A **Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea**, do 7 de decembro de 2000, adica o capítulo III á igualdade, sinalando expresamente no seu artigo 23 que a igualdade entre mulleres e homes debe garantirse en todos os ámbitos, incluso en materia de emprego, traballo e remuneración. Entre outras directivas, destaca a **Directiva 2006/54/CE do Parlamento Europeo** relativa á aplicación do principio de igualdade de oportunidades e de trato entre homes e mulleres en materia laboral.

En materia de loita contra a violencia de xénero destaca o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica do 11 de maio de 2011, coñecido como **Convenio de Istambul** e ratificado por España en 2014. É un texto de extraordinaria relevancia que define a violencia contra as mulleres como unha violación dos dereitos humanos e designa todos os actos de violencia baseados no xénero que implican ou poidan implicar para as mulleres danos e sufrimentos de natureza física, sexual, psicolóxica ou económica, ampliando o concepto de violencia de xénero a todas as formas, tanto na esfera privada como no espazo público: a violencia física, psicolóxica e sexual, incluída a violación, a mutilación xenital feminina, o matrimonio forzado, o acoso, o aborto e a esterilización forzosa.

Pola súa banda, o Convenio do Consello de Europa sobre a loita contra a trata de seres humanos, coñecido como **Convenio de Varsovia** e ratificado por España en 2009, ten como obxecto previr e combater a trata de seres humanos, garantindo a igualdade entre mulleres e homes, protexer os dereitos das vítimas de trata e promover a cooperación internacional neste campo. O Convenio considera a trata unha violación de dereitos humanos e un atentado contra a dignidade e a integridade das persoas.

A **Directiva 2002/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello**, do 23 de setembro de 2002, modificou a Directiva 76/207/CEE do Consello relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no que se refire ao acceso ao emprego, á formación e á promoción profesional. Pola súa banda, a **Directiva 2004/113/CE do Consello** do 13 de decembro de 2004 aplica o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres ao acceso a bens e servizos e ao seu subministro e a **Directiva 2006/54/CE do**



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 44 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, regula a aplicación do principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación.

A **Carta Europea para a Igualdade de mulleres e homes na vida local**, destinada aos concellos de Europa, adopta unha postura pública sobre o principio de igualdade de mulleres e homes, para ser aplicada no seu territorio.

En España, a **Constitución de 1978** establece no artigo 14 a igualdade entre mulleres e homes sen que poida establecerse discriminación algunha por razón de sexo. Tamén, no seu artigo 9.2, sinala a obriga dos poderes públicos para velar e promover o cumprimento real e efectivo do principio de igualdade.

A **Lei 30/2003, do 13 de outubro**, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o goberno, establece que os proxectos de lei e as disposicións regulamentarias deberán ir acompañadas dun informe de impacto de xénero que valore os efectos que esas normas puideran ter de xeito diferencial sobre mulleres e homes e que terá en conta, especialmente, as posibles desigualdades e discriminacións por razón de sexo.

A **Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes**, a gran referencia normativa en materia de igualdade e contra a discriminación, imponse aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. Sinala, no seu artigo 21, que as entidades locais integrarán o dereito á igualdade no exercicio das súas competencias e colaborarán, a tal efecto, co resto das administracións públicas. No artigo 51, a Lei sinala os criterios de actuación que, no ámbito das súas respectivas competencias e en aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes, terán as distintas administracións públicas de cara a favorecer o principio de igualdade no emprego público, que son os seguintes: remexer os obstáculos que implican o mantemento de calquera discriminación co fin de ofrecer condicións de igualdade efectiva entre mulleres e homes no acceso ao emprego público; facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral; fomentar a formación en igualdade; promover a presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de selección e valoración, establecer medidas de protección fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo e medidas para eliminar calquera discriminación retributiva, directa o indirecta, por razón de sexo, así como, avaliar periodicamente a efectividade do principio de igualdade nos seus respectivos ámbitos de actuación.

En España, téñense producido importantes avances lexislativos na regulación da violencia de xénero, tendo en conta as recomendacións dos organismos internacionais para dar unha resposta global á violencia exercida contra as mulleres. Neste sentido, cómpre destacar a

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 45 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da Orde de protección das vítimas de violencia doméstica e moi especialmente a **Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero**. Esta lei incorpora un enfoque integral mediante o recoñecemento de dereitos ás vítimas (información, asistencia xurídica gratuíta, protección social, asistencial e na emerxencia, apoio á recuperación, dereitos laborais e apoio económico). Ademais, establece medidas de sensibilización, prevención e actuación tanto no ámbito educativo, como en outros sectores como o social e profesional, e incide, así mesmo, na necesidade de coordinación cos servizos existentes a nivel autonómico e municipal.

Ademais, a **Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da Vítima**, establece un catálogo xeral dos dereitos de todas as vítimas de delitos e pretende que as mulleres e os e as menores que se atopen nun ámbito de violencia de xénero teñan garantidos os seus dereitos como vítimas directas ou indirectas.

O Pleno do Congreso das Deputadas e Deputados, o 28 de setembro de 2017, aprobou o Informe da Subcomisión para un **Pacto de Estado en materia de violencia de xénero**. O 13 de setembro de 2017, o Pleno do Senado aprobou o Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero. Ambos informes contiñan un conxunto de medidas dirixidas a previr e combater a violencia contra as mulleres e a mellorar a resposta que, desde as institucións, se proporciona ás vítimas. Este Pacto de Estado, ademais, foi aprobado polas Comunidades Autónomas, concellos, partidos políticos, organizacións sindicais e empresariais e asociacións civís.

Posteriormente, o **Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero**, entre moitas outras medidas, devolve aos concellos as competencias en materia de igualdade e loita contra a violencia de xénero a través da modificación da Lei reguladora das bases do réxime local.

O 26 de febreiro de 2025, o Pleno das Deputadas e Deputados aprobou a renovación e actualización do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. O acordo amplía as medidas que incluía en 2017, de 290 a 461, e introduce novos eixos como son a violencia vicaria, a violencia económica e a dixital. Ademais, profunda noutras formas de violencia contra as mulleres xa contempladas no pacto anterior, como a violencia sexual ou a trata con fins de explotación sexual, e presta especial atención ás mulleres rurais e ás mulleres con discapacidade.

A aprobación da **Lei orgánica 10/2022, de garantía integral da liberdade sexual**, equiparou os dereitos das vítimas da violencia sexual aos das vítimas da violencia de xénero no ámbito da parella establecidos na Lei 1/2004 e reforzou o concepto de consentimento.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 46 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

É tamén moi relevante destacar a **Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo** así como a **Lei orgánica 2/2024, do 1 de agosto, de representación paritaria e presenza equilibrada de mulleres e homes**.

No ámbito laboral, o **Real Decreto-Lei 6/2019, do 1 de marzo , de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación** establece, entre outras medidas, a equiparación dos permisos de maternidade e paternidade. Os antigos permisos de maternidade e paternidade pasan a regularse conxuntamente baixo a denominación “prestación por nacemento e coidado da/do menor”. Ademais, modifica a Lei de Igualdade para estender a obriga de establecer Plans de Igualdade en empresas de máis de 50 persoas traballadoras. Os contidos, o diagnóstico, as materias, as auditorías salariais, os sistemas de seguimento y avaliación, así como o Rexistro de Plans de Igualdade desenvólvense no **Real Decreto 901/2020** polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro, e no **Real Decreto 902/2020**, de igualdade retributiva entre mulleres e homes.

En Galicia, no plano autonómico, o artigo 4 do **Estatuto de Autonomía de Galicia** sinala que corresponde aos poderes públicos galegos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación das galegas e dos galegos na vida política, económica, cultural e social.

A **Lei 11/2007, do 27 de outubro, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero**, establece medidas para a sensibilización, prevención e tratamento da violencia de xénero, así como a protección e apoio ás mulleres que a sofren. Ademais, os servizos do sistema de protección e asistencia integral serán de titularidade pública, municipal o autonómica, correspondéndolle a súa coordinación e supervisión á administración da Xunta de Galicia.

A **Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia**, constitúe o marco normativo de referencia, adaptando os principios xerais ao contexto institucional e competencial da Comunidade Autónoma.

No que respecta ás competencias no ámbito local, a **Lei de Bases de Réxime Local** no seu art. 25.2, establece como competencia dos concellos “o) actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero”. Por tanto, o Concello de Vigo conta coas competencias para intervir na promoción da igualdade entre mulleres e homes, así como na actuación na violencia de xénero.

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 47 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O desenvolvemento destas disposicións legais, nos últimos anos, produciu grandes avances no marco legal a prol da igualdade así como na loita contra a violencia de xénero, pero é obvio que segue sendo necesario promover o principio de igualdade en todas as políticas públicas e consolidar a igualdade de trato como o dereito universal que está vinculado ao exercicio da cidadanía plena e democrática.

Mediante Decreto de Alcaldía de data 28 de xuño de 2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024) o Alcalde delega na concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, entre outras, as seguintes **competencias específicas**:

- *Deseñar, dirixir, implementar, coordinar e avaliar as políticas municipais de Igualdade a desenvolver polo Concello de Vigo.*
- *Detección de discriminacións directas e indirectas, impulsando e desenvolvendo accións positivas e medidas, tanto preventivas como integradoras, tendentes a eliminar as situacións de desigualdade e desvantaxe social para as mulleres en todos os ámbitos, especialmente as que se atopan en situación de vulnerabilidade social.*
- *Promover, desenvolver e difundir accións tendentes a visibilizar e incrementar a presenza das mulleres nos distintos ámbitos da vida social e nos procesos de toma de decisións, abrindo canles de participación para impulsar o empoderamento das mulleres.*
- *Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres, que favorezan o acceso e permanencia das mulleres naqueles ámbitos onde se atopen infrarrepresentadas así como organizar e promover actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas, dirixidas á poboación masculina.*
- *Favorecer actividades de investigación, educativas e/ou culturais encamiñadas a recuperar a memoria histórica das mulleres de Vigo.*
- *Impulsar a aplicación de medidas que promovan a incorporación da perspectiva de xénero en todos os departamentos e a todos os niveis no ámbito municipal. (principio de transversalidade).*
- *Xestionar e promover servizos de información, atención e acollemento ás mulleres vítimas de violencia de xénero e fillos e fillas menores ao seu cargo.*

II. ANTECEDENTES, METODOLOXÍA E FASES DO PROCESO

O V Plan integral de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes da cidade de Vigo 2026-2030, propón unha intervención pública en dous marcos que parten dunha



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 48 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

desigualdade estrutural entre mulleres e homes e que combinan medidas para a igualdade de trato e o acceso aos recursos en varios planos de actuación: igualdade económica, remuneración xusta, distribución dos traballos de coidados, visibilización da contribución das mulleres en todos os ámbitos da sociedade e empoderamento e presenza paritaria e activa das mulleres nos espazos sociais e políticos.

Unha das finalidades do documento pasa pola mellora da calidade de vida das mulleres, do seu benestar, participación e mellora das súas condicións persoais e laborais que faciliten a súa autonomía.

O texto inclúe a transversalidade de xénero como o instrumento que permite a combinación de políticas públicas específicas para mulleres con políticas transversais, de aplicación horizontal, e que terán impacto en toda a cidadanía.

O V Plan recolle a axenda política en materia de igualdade para os vindeiros catro anos e eríxese como o principal instrumento do goberno da cidade de Vigo en materia de igualdade.

Este Plan parte da análise dunha importante traxectoria municipal no marco da promoción e fomento de políticas públicas de igualdade e de combate e atención da violencia de xénero en todas as súas manifestacións. A continuación, enuméranse os distintos planes de actuación municipal no eido da política para a consecución do principio de igualdade e da prevención e atención da violencia de xénero:

- O *I Plan para a Igualdade de Oportunidades e de Trato de Vigo*, que foi aprobado para o período 1993-1997, marcou un fito na historia das políticas de igualdade da cidade.
- O *II Plan Municipal para a Igualdade de Oportunidades e de Trato das Mulleres de Vigo* para o período 2003-2004, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal do 25 de novembro de 2002, abordou medidas nos eidos da educación, o emprego e a transversalidade.
- O *III Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2005-2007* integrou políticas de igualdade específicas e transversais, ensartadas en 4 grandes áreas como foron a coeducación, a conciliación, a promoción da igualdade no mercado laboral e os hábitos de vida saudable.
- O *IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Vigo 2009-2012*, que foi aprobado no Pleno da Corporación Municipal o día 25 de novembro de 2009 e prorrogado, ata a aprobación deste V Plan, mediante acordo ratificado polo Pleno en sesión do 25.02.2013.

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/02/2026 11:51	Páxina 49 de 133
2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026	CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Así mesmo, elaboráronse dous planes específicos para combater a violencia contra as mulleres: o *I Plan de Acción Municipal para Combater a Violencia contra as Mulleres 2000-2003* e o *II Plan de Acción Municipal para combater a Violencia contra as mulleres 2004-2007*.

- O *I Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo* foi aprobado pola Mesa Sectorial de Negociación o 27/07/2021. Posteriormente, foi aprobado polo Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade, na sesión do 15 de setembro de 2021, e publicado no BOP de Pontevedra o 30/09/2021. Cunha vixencia de 4 anos, o plan ten como obxectivo principal "A integración transversal do principio de igualdade nas actuacións do Concello de Vigo e eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten a igualdade efectiva de mulleres e homes". O Plan recolle antecedentes, metodoloxía do proceso e as conclusións máis relevantes do informe diagnóstico, así como, 140 medidas estruturadas en doce eixos de actuación.

Ademais, a cidade de Vigo conta cunha ampla rede de servizos públicos e recursos específicos para as mulleres, especialmente, para as mulleres en situación de violencia de xénero. Esta rede de recursos para a atención e o acollemento é de carácter integral e abrangue os seguintes programas, servizos e dispositivos:

- Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CIM)
- Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero
- Programa de Atención psicolóxica a menores, fillas e fillos de mulleres usuarias do CIM, expostos á violencia de xénero
- Rede municipal de vivendas de protección para mulleres e menores en situación de violencia de xénero
- Programa de apoio socio familiar ás mulleres e menores, acollidas temporalmente na rede municipal de vivendas de protección
- Servizo Municipal de Atención Domiciliaria á Infancia (SADI)
- Axudas económicas municipais de apoio a mulleres en situación de violencia de xénero
- Acollemento transitorio e temporal en dispositivo de emerxencia
- Convenio coa Rede de mulleres contra Malos Tratos para o acompañamento e accións de concienciación e denuncia pública
- Punto Lila. Punto de información e atención especializada para a prevención do acoso e a violencia sexual nas zonas de ocio



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/02/2026 11:51	Páxina 50 de 133
2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026	CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

- Programa ATENPRO: Servizo Telefónico de Atención e Protección para vítimas de violencia de xénero
- Equipo de Vixilancia e Apoio Policial (EVAP) da Policía Local

O V Plan Integral de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da Cidade de Vigo deseñouse e elaborouse seguindo unha planificación por fases:

1.^a Fase: avaliación do IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Vigo.

2.^a Fase: elaboración dunha diagnose sobre a situación da igualdade en Vigo que, a través de fontes primarias e secundarias, fundamentou as propostas e as medidas establecidas nas áreas de actuación do plan.

3.^a Fase: delimitación dos eixos de intervención que vertebran o V Plan. Cada eixo de intervención identifica máis dun obxectivo xeral e varios obxectivos específicos. Cada eixo de intervención identifica máis dun obxectivo xeral e varios obxectivos específicos, así como, varias liñas de traballo. As medidas propostas responden á consecución deses obxectivos definidos para cada eixo. Esta estrutura facilita a definición de indicadores para o seguimento e avaliación do V Plan.

4.^a Fase: deseño e redacción das medidas do V Plan, que serán o marco de actuación do Concello de Vigo nos vindeiros 4 anos na súa política pública de igualdade e a folia de ruta que garantirá que todas as veciñas e veciños da cidade teñan as mesmas oportunidades, dereitos e liberdades sen distinción do seu sexo. Para acadar a dita finalidade implantaranse medidas de actuación dirixidas a eliminar as desigualdades existentes e que faciliten a promoción da igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes do municipio.

Moitos dos obxectivos coinciden en varias áreas de actuación e todas as medidas definen as concellerías ou órganos responsables e os indicadores de avaliación.

Unha vez definidas as medidas con todos os indicadores redactouse o V Plan Integral de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da cidade de Vigo 2026-2030 para ser sometido á aprobación do órgano municipal competente.

III. V PLAN INTEGRAL DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DA CIDADE DE VIGO 2026-2030

O V Plan Integral de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da cidade de Vigo elaborouse baixo os seguintes principios:

- Igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 51 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Planificación da acción municipal complementaria e coordinada con outros plans sectoriais do Concello
- Institucións como panca de transformación social desde unha perspectiva feminista
- Transparencia e rendición de contas
- Prevención, sensibilización e atención integral fronte a violencia de xénero
- Transversalidade de xénero como estratexia para garantir que a igualdade estará presente en todas as políticas, plans e programas municipais
- Participación e colaboración entre as distintas administracións públicas para acadar os obxectivos fixados
- Accións positivas destinadas as corrixir as fendas de xénero e a eliminar as desigualdades
- Empoderamento das mulleres para garantir o avance en todos os ámbitos e previr as discriminacións que poidan frear o seu desenvolvemento persoal e laboral
- A consideración das especiais dificultades que se atopan na discriminación múltiple e na interseccional
- Axenda 2030 e Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)

O V Plan Integral de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da Cidade de Vigo 2026-2030 formula tanto accións e medidas específicas que tratan de compensar as desigualdades existentes, como actuacións para reforzar a transversalidade de xénero en toda a acción de goberno. En concreto, nel fórmulanse medidas nas áreas da gobernanza interna, o emprego, a economía, o urbanismo, a seguridade, a educación, a cultura, a memoria democrática, o deporte, as políticas sociais, a corresponsabilidade e a intervención na violencia de xénero.

Isto é así, pois, para que as medidas concretas dean resposta aos obxectivos para os que se deseñaron, é tamén necesario intervir e ter en conta as relacións de poder dentro e fóra das institucións, a división sexual do traballo, a feminización dos coidados e a invisibilización das mulleres nos ámbitos da vida económica, cultural, social e política. Ademais, seguindo o principio de interseccionalidade do plan, as medidas de intervención establecéronse tendo en conta situacións de vulnerabilidade, discapacidade, idade, migración e outras situacións de discriminación sumadas ao sexo.

Por tanto, o modelo de elaboración do Plan garante que as políticas de igualdade non queden circunscritas a programas sectoriais, senón que sexan un elemento central do conxunto da planificación municipal.

O plan persegue o cumprimento dos seguintes obxectivos xerais:

1. Seguir construíndo un modelo de goberno máis igualitario
2. Erradicar os obstáculos que dificultan a promoción das mulleres no eido económico e laboral



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/02/2026 11:51	Páxina 52 de 133
2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026	CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

3. Desenvolver medidas para o fomento e participación en igualdade de mulleres e homes no ámbito empresarial
4. Aplicar a innovación á consecución da igualdade económica e laboral
5. Construír un mercado laboral de calidade que teña en conta as situacións de vulnerabilidade
6. Reforzar a cobertura dos servizos para facilitar a corresponsabilidade e unha máis efectiva conciliación
7. Impulsar a corresponsabilidade como un asunto prioritario para a cidade
8. Reforzar a participación e o empoderamento das mulleres a través de modelos de organización social baseados na igualdade.
9. Reforzar e implicar á cidadanía de Vigo coa igualdade
10. Valorizar o feminismo
11. Fomentar o acceso de mulleres e nenas á práctica do deporte e impulsar a igualdade neste ámbito
12. Incorporar a perspectiva de xénero á política de saúde pública municipal
13. Incorporar a perspectiva de xénero á política social
14. Favorecer un modelo educativo e cultural baseado na igualdade
15. Impulsar o desenvolvemento da mobilidade, a planificación urbana e a seguridade con perspectiva de xénero
16. Fortalecer o enfoque de xénero nas políticas municipais de transición ecolóxica e reto demográfico
17. Reforzar os servizos e recursos dirixidos ás vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas
18. Erradicar a trata de seres humanos con fins de explotación sexual e traballar para abolir a prostitución

O Plan deseñouse a través de 8 grandes eixos para a intervención principal, 25 liñas de traballo e 154 medidas descritas co mesmo esquema.

Os eixos de intervención nos que se integran as 154 medidas do plan son os seguintes:

- EIXO I. GOBERNANZA EN IGUALDADE: 35 medidas
- EIXO II. ECONOMÍA PARA UNHA CIDADE IGUALITARIA: 20 medidas

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 53 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- EIXO III. CORRESPONSABILIDADE: 6 medidas
- EIXO IV. EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN: 30 ANOS DE PEKÍN: 12 medidas
- EIXO V. PERSPECTIVA DE XÉNERO E ACCIÓNS POSITIVAS NAS POLÍTICAS SECTORIAIS: 28 medidas
- EIXO VI. COEDUCACIÓN E CULTURA: XERACIÓN IGUALDADE: 19 medidas
- EIXO VII. URBANISMO, SEGURIDADE E ACCIÓN CLIMÁTICA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO: 10 medidas
- EIXO VIII. ERRADICAR A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES. AXENDA DA CIDADE: 24 medidas

No que respecta ao ámbito temporal, o presente *V Plan integral de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes da cidade de Vigo* terá unha vixencia de CATRO ANOS dende a data da súa aprobación. Finalizado o seu prazo de vixencia, o contido deste V Plan manterase vixente no intervalo de tempo que medie ata a aprobación do seguinte plan de igualdade.

A avaliación realizarase, con carácter continuo, durante todo o período de execución do Plan, así como, unha vez finalizado o seu período de vixencia. Durante a avaliación comprobarase o grao de implantación das medidas, a realización de actividades, os obxectivos previstos e o seu impacto real na consecución da igualdade.

Este Plan aspira a que a igualdade sexa un principio reitor da cidadanía de Vigo, abarcando a todos os sectores da poboación, en particular, a todas as entidades, asociacións, institucións e os colectivos da cidade que teñen entre os seus obxectivos a consecución da igualdade entre mulleres e homes, a xustiza social e a sostenibilidade da vida.

O *V Plan integral de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes da cidade de Vigo 2026-2030*, unha vez aprobado polo órgano municipal competente, publicarase no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, así como en calquera outro medio que se considere oportuno coa finalidade de incrementar e reforzar a transparencia na actividade pública.

Mediante a aprobación deste Plan, o Concello de Vigo comprométese a prover dos medios humanos e materiais necesarios para o desenvolvemento das medidas que o integran, dotando as partidas orzamentarias que proceda para a execución do mesmo.

O órgano competente para a súa aprobación é a Xunta de Goberno Local, conforme co disposto no Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2023. Concretamente, no punto 2 do apartado primeiro desta resolución, establécese que a Xunta de Goberno Local exercerá a seguinte atribución: “A



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 54 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividades e/ou servizos de competencia municipal, mesmo as que se realicen para a dirección e impulso dos servizos”.

Non obstante, en aras a un maior consenso político, unha vez aprobado pola Xunta de Goberno Local, será remitido ao Pleno da Corporación Municipal para a súa ratificación.

A proposta de aprobación do V Plan non comporta gasto algún polo que non require a emisión de informe de fiscalización pola Intervención Municipal conforme o artigo 214 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo 7 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

IV. PROPOSTA

Polo exposto, previo preceptivo informe xurídico, propónse á Xunta de Goberno Local, para posterior ratificación polo Pleno da Corporación Municipal, que adopte o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Aprobar o V Plan integral de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes da cidade de Vigo 2026-2030, cuxo texto se recolle como anexo, e proceder a súa publicación no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, así como, en calquera outro medio que se considere oportuno coa finalidade de incrementar e reforzar a transparencia na actividade pública.

SEGUNDO: Elevar o acordo adoptado ao Pleno da Corporación Municipal para a súa ratificación”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(78).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO PARA O APOIO AO PROGRAMA DE ACTIVIDADES QUE REALIZARÁ DURANTE O ANO 2026. EXPTE. 14346/224.

Visto o informe xurídico de data 20.01.2026 e o informe de fiscalización do 03.02.2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 19.01.2026, asinado pola xefa de Igualdade, a concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 55 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impoñen aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.

O artigo 25.2.o) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), establece que “o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:... Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero”.

O artigo 27 da LBRL faculta ás Comunidades Autónomas para delegar nos concellos o exercicio de competencias da súa titularidade, citándose expresamente no apartado 3.c) a “prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller”.

Como normativa específica da Comunidade Autónoma de Galicia, cómpre indicar a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica ás mulleres, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres, e unha rede de acollemento formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas municipais de protección para mulleres en situación de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención da violencia de xénero e na axuda ás mulleres en situación de violencia de xénero. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha asociación independente e autónoma baixo o nome de “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo” formalizando a súa inscrición nos Rexistros de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta Asociación fórmana un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero.

As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico e policial.

Os fins da Rede de Mulleres Veciñais, como contemplan os seus estatutos, son, entre outros:

- Traballar na prevención dos malos tratos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/02/2026 11:51	Páxina 56 de 133
2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026	CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

- Asistir ás mulleres en situación de violencia de xénero en todas as situacións que sexa necesario.
- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres en situación de violencia de xénero.
- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e poñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.

Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos do Servizo de Igualdade a prol da igualdade de oportunidades e, máis especificamente, contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa social baixo a forma dun convenio de colaboración cuxo obxecto sexa contribuír ao financiamento dos proxectos da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en situación de violencia de xénero: proxecto *Sororidade*
- Área de reincorporación psico-social: proxecto *Activas*
- Área de concienciación, prevención e denuncia social: proxecto *Visibles*
- Área de formación: proxecto *Con perspectiva de xénero*

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria *Programa de actividades e postos xerados no 2026*, incorporada como anexo ao expediente.

A insuficiente capacidade económica desta entidade sen ánimo de lucro para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións obxecto destes proxectos motiva a concesión á entidade beneficiaria da subvención dun anticipo do 30% da axuda.

Ao tratarse dunha entidade non lucrativa que desenvolve programas de acción social non procede a constitución de garantías, tal e como recolle o apartado d) do artigo 42.2 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Nos pactos que regulan a presente subvención nominativa, establécese que a Asociación non está obrigada a xustificar a axuda concedida coa acreditación de que os pagos foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención. Isto ven motivado pola insuficiente capacidade económica da entidade non lucrativa de carácter social beneficiaria da axuda. Os artigos 31.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 29.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, permiten a excepción á regra xeral de considerar gasto realizado o que ten sido efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, sempre que se dispoña de forma expresa nas bases reguladoras das subvencións.

O réxime xurídico no que se enmarca este proxecto de colaboración é conforme co disposto na normativa autonómica sobre subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como nas bases de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo.

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 57 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Así mesmo, faise constar que esta acción está incluída na liña estratéxica 2.5 (Vítimas de violencia de xénero) do Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2024. O crédito previsto, a liña estratéxica, os obxectivos estratéxicos a conseguir, o réxime de control e seguimento e a modalidade de concesión, están previstos no Plan Estratéxico vixente.

O orzamento do Concello de Vigo aprobado para o exercicio 2026, na partida 2311 4890004, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 80.300,00 € a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.

Por todo o exposto, e previos os preceptivos informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º. Aprobado a sinatura do Convenio de colaboración entre a *Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo* e o Concello de Vigo para o apoio ao programa de actividades que realizará durante o período do 1 de novembro de 2025 ao 31 de outubro de 2026.

2º. Autorizar o gasto de 80.300,00 € (oitenta mil trescentos euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890004 *Convenio coa Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo* do orzamento vixente do Servizo de Igualdade, para facer fronte aos gastos derivados da execución do Convenio.

3º. Rexistrar os datos estruturados do Convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, conforme ao artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e ao artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4º. Aprobado o texto do convenio e o anexo I: ficha mensual das destinatarias da acción, que deseguido se transcriben:

“Na Casa do Concello de Vigo,

REUNIDAS

Dunha parte, dona María del Carmen Silva Rego, na súa condición de concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade [Resolucións de Alcaldía de datas 25/09/2025 (BOPPO núm. 186 do 30 de setembro de 2025), 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024) e 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/11/2025 (BOPPO núm. 217 do 12 de novembro de 2025)], asistida pola secretaria de Goberno Local, dona Susana Gallardo Fariña, para os efectos de dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Doutra parte, dona María Rosario Otero Rodríguez, como presidenta da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, con CIF n.º G36928646 e enderezo social na rúa Oliva, núm. 12, 36202 Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 14346-224.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 58 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

MANIFESTAN

I. Que desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención da violencia de xénero e na axuda ás mulleres en situación de violencia de xénero. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha asociación independente e autónoma baixo o nome *Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo* formalizando a súa inscrición nos Rexistros de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta Asociación fórmana un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero.

As mulleres que forman parte da Rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico e policial.

Os fins da Rede de Mulleres Veciñais, como contemplan os seus estatutos, son, entre outros:

- Traballar na prevención dos malos tratos.
- Asistir ás mulleres en situación de violencia de xénero en todas as situacións que sexa necesario.
- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres en situación de violencia de xénero.
- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.

II. Que o Concello de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica ás mulleres, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres, e unha rede municipal de acollemento formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas municipais de protección para mulleres en situación de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos do Servizo de Igualdade a prol da igualdade de oportunidades e, máis especificamente, contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa social baixo a forma dun convenio de colaboración.

III. Que o Concello de Vigo, no seu orzamento aprobado para o exercicio 2026, na partida 2311 4890004, prevé nominativamente a concesión dunha subvención, por importe de

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 59 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

80.300,00 €, a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.

IV. Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da administración concedente, as intervenientes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar a realización dos proxectos da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en situación de violencia de xénero: proxecto *Sororidade*
- Área de reincorporación psico-social: proxecto *Activas*
- Área de concienciación, prevención e denuncia social: proxecto *Visibles*
- Área de formación: proxecto *Con perspectiva de xénero*

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria *Programa de actividades e postos xerados no 2026*, incorporada como anexo ao expediente.

V.- Que a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, segundo resulta da declaración responsable que achega a entidade beneficiaria, documento incorporado ao expediente deste convenio.

VI. Que a Asociación áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

VII. Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que, para a cidade de Vigo, representa a devandita actividade da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, o Concello de Vigo e a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é apoiar a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo nos labores de atención profesional e de acompañamento ás mulleres en situación de violencia de xénero, na formación continua das voluntarias da Rede que realizan os ditos acompañamentos, así como, nas xornadas informativas para a incorporación de novas integrantes voluntarias, mediante a concesión de forma directa dunha subvención prevista nominativamente nos orzamentos do Concello de Vigo. No marco desta subvención, inclúense os proxectos que a entidade beneficiaria realizará desde o mes de novembro de 2025 ata o mes de outubro de 2026, e que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en situación de violencia de xénero: proxecto *Sororidade*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/02/2026 11:51	Páxina 60 de 133
2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026	CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJSQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

- Área de reincorporación psico-social: proxecto *Activas*
- Área de concienciación, prevención e denuncia social: proxecto *Visibles*
- Área de formación: proxecto *Con perspectiva de xénero*

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria *Programa de actividades e postos xerados no 2026*, incorporada como anexo ao expediente.

As accións prioritarias obxecto deste convenio están dirixidas a todas as mulleres de Vigo que sofren violencia de xénero e que manifesten o seu desexo de ser axudadas pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.

Un dos obxectivos perseguidos pola Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo é o fortalecemento persoal da vítima paliando a súa soidade e angustia, transmitíndolle apoio e confianza, co fin de acadar a súa integración en todos os ámbitos da vida.

SEGUNDO.- OBRIGAS DA BENEFICIARIA

A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a:

1. Colaborar co Servizo de Igualdade no marco deste convenio e dotar as mulleres voluntarias da entidade daqueles mecanismos sociais de apoio ás vítimas para acompañar os casos de mulleres en situación de violencia de xénero, especialmente, ao colectivo de mulleres usuarias da rede municipal de acollemento: Centro de Emerxencia e vivendas municipais de protección, xa que estas mulleres deron un paso de vital importancia para saír dunha situación de violencia e agora necesitan o máximo apoio e reforzo para superar esta difícil situación. A Rede de Mulleres Veciñais, como organización non lucrativa, comprométese, ademais, co colectivo de referencia (mulleres usuarias dos dispositivos de acollemento), a ampliar as súas competencias a todo tipo de acompañamentos como poden ser: consultas médicas, actividades de lecer, sociais, relacionais, comunicativas, etc.

Procederase á atención e acompañamento necesario aínda que as mulleres non sexan veciñas de Vigo nos casos derivados polo Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CIM), servizo adscrito ao Servizo de Igualdade do Concello de Vigo e responsable de ofrecer e garantir a información e o asesoramento social, xurídico e psicolóxico ás mulleres en situación de violencia de xénero.

2. Derivar ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller a todas as mulleres que, sendo beneficiarias dalgún programa desenvolvido pola Rede de Mulleres contra os Malos Tratos (acompañamento, actividades de formación, consultas *online*, actos, etc.), estean en situación de violencia de xénero.
3. A entidade beneficiaria deberá prestar atención psico-social ás mulleres que lles sexan derivadas por calquera das profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller. Esta atención deberá prestarse con celeridade e garantindo a debida coordinación co Servizo municipal e coa profesional do CIM que realice a derivación.
4. Comunicar ao Servizo de Igualdade, con carácter semanal, a relación de mulleres atendidas na rede de acompañamento, indicando na comunicación: nome completo,

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/02/2026 11:51	Páxina 61 de 133
2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026	CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DNI/NIE/pasaporte, enderezo, teléfono/s de contacto, e motivo e lugar do acompañamento que realizan (xulgado, centro de saúde...).

Os datos de carácter persoal que a entidade obteña ao abeiro deste convenio non poderán ser obxecto de uso particular, nin de cesión a terceiras persoas. Os datos necesarios que a entidade beneficiaria deba obter para cumprir as obrigas establecidas neste convenio deberán recollerse previa autorización asinada das mulleres beneficiarias dos proxectos obxecto deste convenio. Esa autorización firmada deberá indicar o uso que se vai facer deses datos, así como que serán cedidos exclusivamente ao Servizo de Igualdade do Concello de Vigo. En todo caso, deberá cumprirse a normativa vixente de uso, protección e tratamento de datos de carácter persoal.

5. A entidade beneficiaria Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo asume as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre a protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia, principalmente, no referente aos datos especialmente protexidos e ao recoñecemento do dereito de ocultación que asiste ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial como é o caso das vítimas de violencia de xénero ou doutras formas de violencia contra as mulleres.
6. Achegar trimestralmente ao Servizo de Igualdade as “Fichas individuais mensuais das destinatarias da acción” (anexo I), debidamente cubertas e asinadas pola beneficiaria, polas persoas voluntarias que realizaron os acompañamentos e pola responsable do programa na entidade, quen declarará que os ditos acompañamentos non se incluíron en ningunha outra xustificación de subvención ou convenio de colaboración con entidade pública ou privada. Estes documentos deberán vir conformados pola presidenta da entidade.
7. Dar adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo do Concello de Vigo e a lenda “Colabora Servizo de Igualdade-Concello de Vigo” en canto material escrito e audiovisual se empregue.

É obriga da beneficiaria difundir esta colaboración en todos os actos e actividades que realice e se enmarquen no *Programa de actividades e postos xerados no 2026* que presentou ao Convenio, incluída a páxina web, blog e redes sociais propias. Así, calquera representante ou portavoz da entidade beneficiaria deberá informar e difundir o apoio do Servizo de Igualdade do Concello de Vigo ao mantemento e financiamento das actividades da Asociación en toda intervención que realice por calquera canle ante os medios de comunicación. Esta obriga estenderase a todos os actos públicos: charlas, xornadas, mesas de debate, etc., aos que sexan invitadas, aínda que non haxa presenza de medios.

Para acadar este fin deberá cumprir co estipulado no pacto oitavo *Publicidade*.

8. Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin. Inclúiranse os gastos de xestión e cobertura dos servizos de coidado e atención de menores para cubrir as necesidades de conciliación que precisen as mulleres usuarias do seu programa (especialmente, e de xeito prioritario, as mulleres en situación de violencia de xénero).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/02/2026 11:51	Páxina 62 de 133
2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026	CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

9. Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.
10. Garantir o dereito á confidencialidade das beneficiarias incluíndo unha cláusula de confidencialidade das persoas que traballen ou colaboren na Asociación.
11. Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma, a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplen a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social, así como da posible responsabilidade civil.
12. A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación Rede de Mulleres Veciñais non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.
13. As obrigas da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

TERCEIRO.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Achegar a documentación técnica precisa, como a guía de recursos, e a atención profesional especializada (psicolóxica, xurídica e social), a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.
2. Conceder directamente á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo unha subvención por importe de 80.300,00 €, co obxecto de coadxuvar no financiamento das actividades da Asociación no ámbito da promoción da igualdade e da intervención contra a violencia de xénero.

CUARTO.- COMPATIBILIDADE DA AXUDA

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; no caso de superalo, procederase na forma prevista no artigo 34 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para os casos de exceso de financiamento sobre o custo da actividade.

QUINTO.- PAGAMENTO DA AXUDA

S.ord. 06/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/02/2026 11:51	Páxina 63 de 133
2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026	CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. O Concello de Vigo aboará o importe da axuda en tres partes:
 - a) A primeira, por importe de 24.090,00 €, coa firma do presente Convenio; anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.
 - b) A segunda, por importe de 29.445,00 €, no mes de xuño, tras a entrega do informe de avaliación das actividades e dos xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.
 - c) A terceira, por importe de 26.765,00 €, no mes de novembro, previa certificación do Servizo de Igualdade que acredite o cumprimento do convenio unha vez se achegue pola Asociación a memoria anual e os xustificantes orixinais de gasto do resto da subvención pendente de xustificar.
 2. Antes de proceder a cada pago da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 3. Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducirán na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.
- A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

SEXTO.- SUBCONTRATACIÓN

A beneficiaria poderá subcontratar con terceiras persoas ata un 80% do importe da actividade subvencionada.

A entidade non pode concertar con terceiras persoas a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres en situación de violencia de xénero. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiras persoas as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei xeral de subvencións.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia.

SÉTIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e avaliación do presente Convenio de colaboración establécese unha Comisión de seguimento e avaliación que, presidida pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio, estará formada, previo nomeamento pola presidenta, por:

- A presidenta e a coordinadora da Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo
- A xefa do Servizo de Igualdade ou técnica de Igualdade na que delegue.
- Unha técnica do Servizo de Igualdade.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/02/2026 11:51

Páxina 64 de 133

2023-1102 Aprobado por XGL 13/02/2026

CSV: ACBEA1-28E33C-A45C37-2YZD1P-JGJJSQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2023/1102

Actuará como secretaria unha das vogais da Comisión, que se designará para tal fin.

OITAVO.- PUBLICIDADE

1. Atendendo ao establecido pola Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que modificou o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Concello de Vigo rexistrará e daralle publicidade a este convenio na BDNS e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo.

2. A beneficiaria deberá dar adecuada publicidade do financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo do Concello de Vigo e a lenda “Colabora Servizo de Igualdade-Concello de Vigo” en canto material escrito e audiovisual se empregue.

É obriga da beneficiaria difundir esta colaboración en todos os actos e actividades que realice no período que abrangue este convenio e que se enmarquen no seu programa de actividades incorporado como anexo ao expediente. Para acadar este fin, a beneficiaria colocará, en lugar visible para o público, un cartel que identifique o Concello de Vigo e o Servizo de Igualdade e indique que o acto/a actividade que se está a realizar está financiado/a polo Concello de Vigo. Esta difusión tamén se fará extensiva á páxina web, blog e/ou redes sociais propios da beneficiaria. A beneficiaria enviará ao Servizo de Igualdade, coa suficiente antelación, a proposta de imaxe, texto e medidas do cartel para ser aprobado previamente polo Concello.

Así, calquera representante ou portavoz da entidade beneficiaria deberá informar e difundir o apoio do Servizo de Igualdade do Concello de Vigo ao mantemento e financiamento das actividades da Asociación en toda intervención que realice por calquera canle ante os medios de comunicación. Esta obriga estenderase a todos os actos públicos: charlas, xornadas, mesas de debate, etc., aos que sexan invitadas, aínda que non haxa presenza de medios.

3. A difusión deste financiamento municipal deberá acreditarse documentalmente na memoria semestral e na memoria anual que presente a beneficiaria (anuncios prensa, audios, vídeos, gravacións, imaxes das actividades coa difusión da colaboración municipal, capturas de pantalla da web e redes sociais, etc.).

NOVENO.- XUSTIFICACIÓN

